VALEDOR DO CIDADÁN

# Rutas peatonales en el ayuntamiento de Vigo

# Rutas peonís no concello de Vigo

ACTUACIÓNS DE OFICIO

Dirección: Luis Espada Recarey

Colaboradores:

Patricio Suárez Bello

Romina Maneiro Cid

Manuel Sanjurjo Area

Cristina

Guillermo Rey González

Edita: Valedor do Cidadán de Vigo

Diseño y maquetación: Diego Durán

Fotografías:

Manuel Sanjurjo *(Páginas 22, 38, 46, 54, 62, 70, 78, 86, 102, 110)*

Diego Durán *(Páginas 15, 23, 30, 31, 39, 47, 55, 63, 71, 79, 87, 94, 95, 103)*

Imprime: Roel Artes Gráficas
Avda Guixar 28, Bajo

Depósito legal: xxxxxxxxxx

# ÍNDICE


Razones para la realización de este estudio: fusión de voluntades 6

*Razóns para a realización deste estudo: fusión de vontades* 7

Plano general de los recorridos urbanos / *Plano xeral dos percorridos urbanos* 8

Símbolos utilizados en los mapas / *Símbolos empregados nos mapas* 11

**PASEO 1** Vigo y su arquitectura / *Vigo e a súa arquitectura* 15

**PASEO 2** El casco viejo / *O casco vello* 23

**PASEO 3** El Lagares / *O Lagares* 31

**PASEO 4** Monte del Castro / *Monte do Castro* 39

**PASEO 5** Monte de La Guía / *Monte da Guía* 47

**PASEO 6** Parque de Castrelos 55

**PASEO 7** Urzáiz 63

**PASEO 8** Las Traviesas / *As Travesas* 71

**PASEO 9** Coia 79

**PASEO 10** Circular Centro 87

**PASEO 11** Bouzas 95

**PASEO 12** Samil 103

RAZONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTE ESTUDIO

# Fusión de voluntades

La fundación Vigueses Distinguidos propuso llevar a cabo un estudio que describiese algunos de los corredores peatonales de la ciudad de Vigo. Dentro de sus estatutos, se constata que uno de los objetivos de dicha fundación reside en promover un viguismo integrador para la defensa de la ciudad.

Por otra parte, las quejas que la ciudadanía viguesa transmite al Valedor do Cidadán se insertan dentro de un amplio abanico de temas, entre ellos, los que tienen un origen relacionado con los ambientes exteriores de la ciudad, como, por ejemplo, las zonas de iluminación deficiente, los pavimentos en mal estado, la ausencia de vados o los desniveles para el transporte de minusválidos, las señalizaciones insuficientes...

En este contexto, para plasmar este proyecto se contó con licenciados, ingenieros y becarios de la Universidad de Vigo que, coordinadamente, fueron colaborando en cada una de las fases en que se ha desarrollado el estudio.

Con la firme creencia de que se aúnan objetivos cuando se trabaja en la misma dirección, se dio cuenta a la Alcaldía de la realización de este trabajo, el cual tuvo una acogida muy positiva, lo que dio lugar a que aquella se hiciese cargo de la presente edición.

Fruto de esta fusión de voluntades, se presenta esta monografía que supone, sin vedetismos, la interrelación de las entidades citadas para la consecución de un trabajo coordinado y que nos muestra, una vez más, que existen más puntos de encuentro que diferencias entre las instituciones ciudadanas, cuando los ideales de la ciudadanía superan a los intereses.

Desde el punto de vista metodológico, este estudio se divide en dos partes diferenciadas como proyectos, relacionados con corredores peatonales y de carriles para bicicletas. Los primeros, que se recogen en este trabajo, se corresponden con tramos relacionados con Vigo y su arquitectura, Casco Vello, Lagares, Monte del Castro, Monte de A Guía, Urzáiz, Castrelos, Traviesas, Castelao, Circular Centro, Bouzas y Samil.

En cada uno de ellos se adjunta una breve descripción del itinerario, la ficha pormenorizada de algunos parámetros que lo componen, las fotografías indicativas de la zona recorrida, así como el diseño de un circuito con señalización de indicadores que sirven para un mejor conocimiento del corredor peatonal.

El segundo proyecto que se realizará será sobre el itinerario de carriles para bicicletas, a través de seis corredores, con una descripción idéntica a la del presente trabajo.

Finalmente, se quiere hacer constar que la Memoria que se presenta, a modo de actuación de oficio del Valedor do Cidadán, ha sido realizada con absoluta independencia y autonomía.

*Luis Espada Recarey*

RAZÓNS PARA A REALIZACIÓN DESTE ESTUDO

# Fusión de vontades

A fundación Vigueses Distinguidos propuxo levar a cabo un estudo que describise algúns dos corredores peonís da cidade de Vigo. Dentro dos seus estatutos, constátase que un dos obxectivos da citada fundación reside en promover un viguismo integrador para a defensa da cidade.

Por outra parte, as queixas que a cidadanía viguesa transmite ó Valedor do Cidadán insírense dentro dun amplo abanico de temas, entre eles, os que teñen unha orixe relacionada cos ambientes exteriores da cidade, como, por exemplo as zonas de iluminación deficiente, os pavimentos en mal estado, a ausencia de entradas de carruaxes ou os desniveis para o transporte de minusválidos, os sinais insuficientes...

Neste contexto, para plasmar este proxecto contouse con licenciados, enxeñeiros e bolseiros da Universidade de Vigo que, coordinadamente, foron colaborando en cada unha das fases en que se desenvolveu o estudo.

Coa firme crenza de que se axuntan obxectivos cando se traballa na mesma dirección, deuse conta á Alcaldía da realización deste traballo, o cal tivo unha acollida moi positiva, o que deu lugar a que aquela se fixese cargo da presente edición.

Froito desta fusión de vontades, preséntase esta monografía que supón, sen protagonismos, a interrelación das entidades citadas a fin de conseguir un traballo coordinado e que nos mostra, unha vez máis, que existen máis puntos de encontro ca diferenzas entre as institucións cidadás, cando os ideais da cidadanía superan os intereses.

Desde o punto de vista metodolóxico, este estudo divídese en dúas partes diferenciadas como proxectos, relacionados con corredores peonís e de carrís para bicicletas. Os primeiros, que se recollen neste traballo, correspóndense con tramos relacionados con Vigo e a súa arquitectura, Casco Vello, Lagares, o monte do Castro, o monte da Guía, a rúa de Urzáiz, Castrelos, As Travesas, a avenida de Castelao, o percorrido Circular Centro, Bouzas e Samil.

En cada un deles achégase unha breve descrición do itinerario, a ficha pormenorizada dalgúns parámetros que o compoñen, as fotografías indicativas da zona percorrida, así como o deseño dun circuíto con sinalización de indicadores que serven para un mellor coñecemento do corredor peonil.

O segundo proxecto que se realizará será sobre o itinerario de carrís bici, a través de seis corredores, cunha descrición idéntica á do presente traballo.

Finalmente, quérese facer constar que a Memoria que se presenta, a modo de actuación de oficio do Valedor do Cidadán, foi realizada con absoluta independencia e autonomía.

*Luis Espada Recarey*

# Plano general de los recorridos urbanos
# *Plano xeral dos percorridos urbanos*

1. **Vigo y su arquitectura / *Vigo e a súa arquitectura***
2. **Casco viejo / *Casco vello***
3. **Lagares**
4. **Monte del Castro / *Monte do Castro***
5. **Monte de La Guía / *Monte da Guía***
6. **Castrelos**
7. **Urzáiz**
8. **Traviesas / *Travesas***
9. **Coia**
10. **Circular Centro**
11. **Bouzas**
12. **Samil**




5
2
10
1
4
7
8
3
6

## SÍMBOLOS UTILIZADOS EN LOS MAPAS / *SÍMBOLOS EMPREGADOS NOS MAPAS*

Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*

Cruceiro

Iglesia / *Igrexa*

Zona de recreo

Mirador o vistas / *Miradoiro ou vistas*

Parada de taxi

Paso de peatones equipado / *Paso de peóns equipado*

Desnivel leve

Servicios sanitarios / *Servizos sanitarios*

Información turística

Puente / *Ponte*

Papelera para perros / *Papeleira para cans*

Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*

Bancos

Estanque

Fuente / *Fonte*

Parada de bus con marquesina y asientos / *Parada de bus con marquesiña e asentos*

Amarre para bicis

Ausencia o mal estado de papaleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*

Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*

Mal estado de estanques

Ausencia o mal estado de fuentes / *Ausencia ou mal estado de fontes*

Parada de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*

Zona mal iluminada

Tráfico denso / *Tráfico denso*

Escaleras / *Escaleiras*

Paso de peatones sin acceso para silla de ruedas / *Paso de peóns sen acceso para cadeiras de rodas*

Paso de peatones sin aviso para ciegos / *Paso de peóns sen aviso para cegos*

Firme en mal estado

Desnivel pronunciado

Contaminación acústica moderada

Contaminación acústica elevada

Contaminación acústica extrema

Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*

Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*





RUTA PEATONAL 1 / RUTA PEONIL 1

# Vigo y su arquitectura
# Vigo e a súa arquitectura







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1. Urzáiz, esquina con Vía Norte
2. Urzáiz, esquina con Gran Vía
3. Urzáiz, esquina con Colón
4. Colón, esquina con Policarpo Sanz
5. Puerta del Sol / *Porta do Sol*
6. Elduayen
7. Paseo de Alfonso XII




LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Zona de recreo
- Mirador o vistas / *Miradoiro ou vistas*
- Parada de taxi
- Paso de peatones equipado / *Paso de peóns equipado*
- Desnivel leve
- Información turística
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Parada de bus con marquesina y asientos / *Parada de bus con marquesiña e asentos*
- Para de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*
- Tráfico denso / *Tráfico denso*
- Escaleras / *Escaleiras*
- Paso de peatones sin aviso para ciegos / *Paso de peóns sen aviso para cegos*
- Desnivel pronunciado
- Contaminación acústica elevada
- Contaminación acústica extrema
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 01 VIGO Y SU ARQUITECTURA

# Las excelencias artísticas

Esta ruta atraviesa las zonas más características del ensanche vigués, donde podemos encontrar las muestras más representativas de la arquitectura propia de principios de siglo en la ciudad.

El paseo arranca de la confluencia de Urzáiz con Vía Norte, por aceras de piedra en buen estado. A mano derecha, queda la estación de tren, que posee un parque en la zona frontal, dotado de una zona de juegos infantiles, de bancos, de una fuente y de teléfonos públicos, al que se puede acceder, desde Urzáiz, a través de un largo tramo de escaleras. La parte de acera que transcurre en paralelo unos metros por encima dispone de una parada de autobús urbano con marquesina, de panel informativo y de asiento (el bordillo de piedra que delimita la acera); un poco más adelante, en el otro lado de la calzada, hay otra parada de transporte urbano igualmente equipada. Todo este tramo presenta papeleras, buena iluminación y semáforos con rampa para minusválidos y sistema para orientación de ciegos. El tráfico es bastante denso y el ruido puede resultar molesto.

El siguiente tramo abarca el lugar de mayor actividad comercial de la zona centro, desde el cruce de Gran Vía y Lepanto hasta el inicio de Colón, con amplias aceras de piedra, recientemente arregladas y en perfecto estado. En esta vía destaca un conjunto escultórico dedicado al trabajo en la plataforma central de Gran Vía, junto a un acceso para peatones al aparcamiento subterráneo (se repetirá a lo largo de todo el tramo). Las aceras de esta zona son amplias y cuentan con jardineras de abundante decoración floral, farolas y papeleras por todo el recorrido. También es posible encontrar contenedores comunes y de reciclaje. Todos los semáforos del lugar presentan rampa y sistema de orientación para ciegos. Hay dos paradas de autobús, con paneles de información sobre los horarios de las líneas, que carecen de marquesina y de asiento, pero que se encuentran a cubierto dadas las características de la zona donde están encuadradas. En el tramo final, la acera se ensancha en la confluencia con las calles Príncipe y Colón. En el centro de este ensanche, presidiendo la explanada, se encuentra una gran farola con un pedestal que sirve de asiento en su base. Próximo a ella, se encuentra un aparcamiento para motos y bicicletas. La ruta desciende por Colón, donde la pendiente se acentúa hasta la intersección con Policarpo Sanz. En este trecho, las aceras se están arreglando para que posean las mismas características que las del tramo anterior de Urzáiz. En el cruce hay varios semáforos, dotados de dispositivos para ciegos y rampa, y un paso de peatones con rampa en la calle Uruguay. Este tramo es, en la actualidad, muy sucio y ruidoso, debido a las obras mencionadas pero también a la intensidad del tráfico. Está bien iluminado, con farolas a lo largo de las aceras, y tiene abundantes papeleras.

La calle Policarpo Sanz transcurre a través de aceras de baldosín blanco, amplias y salpicadas de jardineras y árboles. En ella se pueden admirar los emblemáticos edificios característicos de principios del siglo pasado. Entre éstos destacan el teatro García Barbón, la Casa das Artes y la sede social de Caixanova (recientemente remodelada). Hay dos paradas de autobús en la zona del teatro, una en cada acera, dotadas de asientos y paneles de información, pero sólo una de ellas presenta marquesina, la de la acera de la derecha en el sentido de nuestra marcha. Un poco más adelante, a unos 20 metros, hay otras dos paradas de bus, pero éstas carecen de las comodidades de las anteriores. Los semáforos presentan rampa y dispositivo sonoro para ciegos en todas las intersecciones, excepto en el cruce con Velázquez Moreno, que carece de señal para invidentes.

El siguiente paso nos lleva a la Puerta del Sol, presidida por la estatua de El Sireno sobre un gran pedestal, que posee una parada de autobús (cubierta y con asientos), otra de taxi y una oficina de información turística. El suelo está enlosado de piedra, hay múltiples papeleras y una iluminación adecuada. De esta localización, parten muchas callejuelas por las que acceder al Casco Viejo de la ciudad atravesando las plazas de la Princesa o de la Constitución. Esta zona resulta conflictiva por el tráfico y el ruido de los coches.

Desde la Puerta del Sol, la calle Elduayen nos lleva por una pendiente constante hasta el paseo de Alfonso XII, final de nuestro recorrido, que guarda enrejado un olivo centenario, símbolo de la ciudad, presente en su escudo, y que abre paso a uno de los miradores urbanos más amplios, desde el que la panorámica de la ría hace las delicias de los visitantes.

ITINERARIO

URZÁIZ (CRUCE CON VÍA NORTE) ▶ COLÓN ▶ POLICARPO SANZ ▶ PUERTA DEL SOL ▶ ELDUAYEN ▶ PASEO DE ALFONSO XII

FICHA DEL RECORRIDO

**Longitud aproximada:** 1.600 m.

**Lugares de interés:** estación de tren (Urzáiz), Monumento al trabajo (escultura, Urzáiz con Gran Vía), farola de Urzáiz (cruce de Urzáiz con Príncipe y Colón), Casa de las Artes (museo, Policarpo Sanz), teatro García Barbón (Policarpo Sanz), Sireno (escultura, Puerta del Sol), mirador y olivo centenario (paseo de Alfonso XII).

**Accesos para minusválidos:** hay bordillos rebajados en todos los semáforos del recorrido.

**Cruces de calle:** atraviesa Vía Norte, Vázquez Varela, México, Cuba, Lepanto, Gran Vía, Hernán Cortés, Cervantes, República Argentina, Uruguay, Policarpo Sanz, Velázquez Moreno, Reconquista, Puerta del Sol, Elduayen, paseo de Alfonso XII y Falperra. Se contabilizan un total de treinta semáforos en los diversos cruces: cuatro carentes de dispositivos de orientación de ciegos (tres en la intersección de Policarpo Sanz con Velázquez Moreno y uno en el tramo final de la calle Falperra).

**Estado del firme y ancho de las aceras:** las aceras son amplias, en buen estado, exceptuando tramos del inicio de la ruta y la zona entre la Puerta del Sol y el paseo de Alfonso XII, donde son estrechas y se encuentran en mal estado.

**Áreas de reposo:** no abundan, pero podemos encontrar alguna en la parte inicial del recorrido, en Urzáiz, en la zona frente a la Casa das Artes, en la Puerta del Sol y en el paseo de Alfonso XII.

**Iluminación:** es buena en todo el trayecto recorrido.

**Desniveles:** transcurre cuesta abajo hasta el cruce de Colón con Policarpo Sanz. La pendiente no es demasiado pronunciada, excepto en la calle Colón.

**Vistas:** existe un mirador al final del recorrido, en el paseo de Alfonso XII, con vistas a la ría.

**Servicios:** abunda la actividad comercial, así como la presencia de establecimientos de hostelería en toda la ruta. Destaca la oferta cultural, con teatros y museos.

**Transporte urbano:** diversas líneas de autobús urbano transitan el recorrido. En los puntos de partida y llegada, encontramos paradas de autobús perfectamente dotadas de marquesinas y asientos. La ruta pasa paralela a la estación de ferrocarril en la primera parte de Urzáiz.

**Dificultad:** baja. El recorrido es cómodo.

PASEO 01 VIGO E A SÚA ARQUITECTURA

# As excelencias artísticas

Esta ruta atravesa as zonas máis características do ensanche vigués, onde podemos atopar as mostras máis representativas da arquitectura propia de principios de século na cidade.

O paseo arranca da confluencia da rúa de Urzáiz coa Vía Norte, por beirarrúas de pedra en bo estado. Á man dereita, queda a estación do tren, que posúe un parque na zona frontal, dotado dunha zona de xogos infantís, bancos, unha fonte e teléfonos públicos, ó que se pode acceder, desde a rúa Urzáiz, a través dun longo tramo de escaleiras. A parte da beirarrúa que transcorre en paralelo uns metros por enriba dispón dunha parada de autobús urbano con marquesiña, un panel informativo e un asento (o bordo de pedra que delimita a beirarrúa); un pouco máis adiante, no outro lado da calzada, hai outra parada de transporte urbano igualmente equipada. Todo este tramo ten papeleiras, boa iluminación e semáforos con rampla para minusválidos e sistema para orientación de cegos. O tráfico é bastante denso e o ruído pode resultar molesto.

O seguinte tramo abarca o lugar de maior actividade comercial da zona centro, desde o cruzamento da Gran Vía e a rúa Lepanto ata o inicio da de Colón, con amplas beirarrúas de pedra, recentemente arranxadas e en perfecto estado. Nesta vía destaca un conxunto escultórico dedicado ó traballo na plataforma central da Gran Vía, xunto a un acceso para peóns ó aparcamento subterráneo (repetirase ó longo de todo o tramo). As beirarrúas desta zona son amplas e contan con xardineiras de abundante decoración floral, farois e papeleiras por todo o percorrido. Tamén é posible encontrar colectores comúns e de reciclaxe. Tódolos semáforos do lugar presentan rampla e sistema de orientación para cegos. Hai dúas paradas de autobús con paneis de información sobre os horarios das liñas; aínda que carecen de marquesiña e de asento, atópanse a cuberto dadas as características da zona onde están situadas. No tramo final, a beirarrúa ensánchase na confluencia coas rúas do Príncipe e de Colón. No centro deste ensanche, presidindo a zona aberta, atópase un gran farol cun pedestal que serve de asento. Próximo a el, atópase un aparcamento para motos e bicicletas. A ruta descende pola rúa de Colón, onde a pendente se acentúa ata a intersección coa de Policarpo Sanz. Neste treito, as beirarrúas estanse arranxando para que posúan as mesmas características cás do tramo anterior de Urzáiz. No cruzamento hai varios semáforos, dotados de dispositivos para cegos e rampla, e un paso de peóns con rampla na rúa de Uruguai. Este tramo é, na actualidade, moi sucio e ruidoso, debido ás obras mencionadas e á intensidade do tráfico. Está ben iluminado, con farois ó longo das beirarrúas, e ten abundantes papeleiras.

A rúa de Policarpo Sanz transcorre a través de beirarrúas de baldosas brancas, amplas e salpicadas de xardineiras e árbores. Nela pódense admirar os emblemáticos edificios característicos de principios do século pasado. Entre eles destacan o teatro García Barbón, a Casa das Artes e a sede social de Caixanova, recentemente remodelada. Hai dúas paradas de autobús na zona do teatro, unha en cada beirarrúa, dotadas de asentos e paneis de información, pero só unha delas ten marquesiña, a da beirarrúa da dereita no sentido da nosa marcha. Un pouco máis adiante, a uns 20 metros, hai outras dúas paradas de bus, pero estas carecen das comodidades das anteriores. Os semáforos teñen rampla e dispositivo sonoro para cegos en tódalas interseccións, agás no cruzamento coa rúa de Velázquez Moreno, que carece de sinal para invidentes.

O seguinte paso lévanos á Porta do Sol, presidida pola estatua do Sireno sobre un gran pedestal, que posúe unha parada de autobús (cuberta e con asentos) e outra de taxi, e unha oficina de información turística. O chan está enlousado de pedra, hai moitas papeleiras e unha iluminación axeitada. Desta localización, parten moitas calellas polas que acceder ó Casco Vello da cidade atravesando as prazas da Princesa ou da Constitución. Esta zona resulta conflitiva polo tráfico e polo ruído dos coches.

Desde a Porta do Sol, a rúa Elduayen lévanos por unha pendente constante ata o Paseo de Alfonso XII, final do noso percorrido, que garda enreixada unha oliveira centenaria, símbolo da cidade e presente no seu escudo, e que abre paso a un dos miradoiros urbanos máis amplos, desde o que a panorámica da ría fai as delicias dos visitantes.

ITINERARIO

URZÁIZ (CRUZAMENTO COA VÍA NORTE) ▶ COLÓN ▶ POLICARPO SANZ ▶ PORTA DO SOL ▶ ELDUAYEN ▶ PASEO DE ALFONSO XII

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** 1.600 m.

**Lugares de interese:** estación do tren (Urzáiz), monumento ó Traballo (escultura, Urzáiz coa Gran Vía), farol de Urzáiz (cruzamento de Urzáiz coa rúa do Príncipe e Colón), Casa das Artes (museo, na rúa Policarpo Sanz), teatro García Barbón (na rúa de Policarpo Sanz), Sireno (escultura, na Porta do Sol), miradoiro e oliveira centenaria (no paseo de Alfonso XII).

**Accesos para minusválidos:** hai bordos rebaixados en tódolos semáforos do percorrido.

**Cruzamentos de rúas:** atravesa a Vía Norte, Vázquez Varela, México, Cuba, Lepanto, a Gran Vía, Hernán Cortés, Cervantes, República Arxentina, Uruguai, Policarpo Sanz, Velázquez Moreno, Reconquista, a Porta do Sol, Elduayen, o paseo de Alfonso XII e a Falperra. Cóntanse trinta semáforos nos diversos cruzamentos: catro carentes de dispositivos de orientación de cegos (tres na intersección de Policarpo Sanz con Velázquez Moreno e un no tramo final da rúa da Falperra).

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** as beirarrúas son amplas, en bo estado, exceptuando tramos do inicio da ruta e a zona entre a Porta do Sol e o paseo de Alfonso XII, onde son estreitas e se atopan en mal estado.

**Zonas de repouso:** non abundan, pero podemos atopar algunha na parte inicial do percorrido, en Urzáiz, na zona fronte á Casa das Artes, na Porta do Sol e no paseo de Alfonso XII.

**Iluminación:** é boa en todo o traxecto.

**Desniveis:** transcorre costa abaixo ata o cruzamento da rúa de Colón coa de Policarpo Sanz. A pendente non é demasiado pronunciada, excepto na rúa Colón.

**Vistas:** existe un miradoiro ó final do percorrido, no paseo de Alfonso XII, con vistas á ría.

**Servizos:** abunda a actividade comercial, así como a presenza de establecementos de hostalería en toda a ruta. Destaca a oferta cultural, con teatros e museos.

**Transporte urbano:** diversas liñas de autobús urbano transitan o percorrido. Nos puntos de partida e chegada, atopamos paradas de autobús perfectamente dotadas de marquesiñas e asentos. A ruta pasa paralela á estación de ferrocarril na primeira parte de Urzáiz.

**Dificultade:** baixa. O percorrido é cómodo.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES


Urzáiz con Vía Norte


Teatro García Barbón


Paseo de Alfonso XII



Policarpo Sanz con Colón



Policarpo Sanz




RUTA PEATONAL 2 / RUTA PEONIL 2

# Núcleo antiguo
# Núcleo antigo







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1. Puerta del Sol (Sireno) / Porta do Sol (Sireno)
2. Plaza de la Constitución / Praza da Constitución
3. Colegiata / Colexiata
4. Calle Real / Rúa Real
5. Plaza del Berbés / Praza do Berbés
6. Mirador de Teófilo Llorente / *Miradoiro de Teófilo Llorente*
7. Cánovas del Castillo (Naútico)




LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Cruceiro
- Iglesia / *Igrexa*
- Zona de recreo
- Mirador o vistas / *Miradoiro ou vistas*
- Parada de Taxi
- Paso de peatones equipado / *Paso de peóns equipado*
- Desnivel leve
- Servicios sanitarios / *Servizos sanitarios*
- Información turística
- Papelera para perros / *Papeleira para cans*
- Bancos
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Estanque
- Fuente / *Fonte*
- Parada de bus con marquesina y asientos / *Parada de bus con marquesiña e asentos*
- Ausencia o mal estado de papaleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*
- Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*
- Mal estado de estanques
- Zona mal iluminada
- Tráfico denso / *Tráfico denso*
- Escaleras / *Escaleiras*
- Firme en mal estado
- Desnivel pronunciado
- Parada de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*
- Paso de peatones sin aviso para ciegos / *Paso de peóns sen aviso para cegos*
- Contaminación acústica elevada
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 02 CASCO VIEJO

# El Vigo original

La ruta transcurre por las zonas más emblemáticas del Casco Viejo vigués, desde la Puerta del Sol hasta las terrazas de Teófilo Llorente, en un tranquilo recorrido por algunas de las calles más antiguas de la ciudad.

Tomando como punto de partida el centro de información turística situado a los pies de El Sireno, en la Puerta del Sol, se inicia un trayecto de aceras amplias en ligera pendiente, tachonada de terrazas pertenecientes a la multitud de establecimientos hosteleros de la zona. Esta primera parte del recorrido es totalmente urbana y adolece de exceso de ruido y contaminación atmosférica, que le restan atractivo. Anexa a esta calle, se encuentra la plaza de la Princesa, que alberga la Casa da Cultura de Galicia y que acoge el primer lugar de descanso, libre de ruido ambiental, para disfrutar de las terrazas.

Saliendo de la Puerta del Sol por su extremo más elevado, se accede a la plaza de la Constitución, que constituye, por su quietud, una auténtica pérdida de contacto con la realidad urbana. Rodeada por soportales, su pavimento es la primera muestra de que nos hallamos en la zona más añeja de la ciudad: losas de piedra en ligera pendiente que acogen a un buen número de terrazas en torno a una gran farola que ocupa el centro de la plaza. El paseante puede informarse sobre el trayecto que ha de seguir gracias a los carteles informativos.

De las varias salidas posibles, se ha escogido la calle del Triunfo por ser la más ancha de todas ellas, aunque también se puede acceder a nuestro siguiente destino a través de la calle Cesteiros, famosa por sus establecimientos especializados en el manejo del mimbre. En un descenso breve, se alcanza la Colegiata, explanada con escalinata en la que se puede admirar la Concatedral y desde la que, si se continúa la bajada, se llega al mercado de la Piedra.

Nuestro itinerario prosigue, sin embargo, por la izquierda de la explanada, que nos conduce a la calle Real, adoquinada, estrecha y llena de recovecos partidos por las distintas callejuelas que desembocan en ella desde las zonas próximas. Al final de la calle, se encuentra la plaza del Berbés, un nuevo espacio de soportales y ofertas gastronómicas típicas de la ciudad. Esta plaza, pavimentada y adornada por un olivo centenario y por diversos arbolitos y fuentes, acoge un campo de fútbol sala y una estatua que exalta a los marineros.

Más próxima al mar y en paralelo a la calle Real, la calle Teófilo Llorente nos permite ascender otra vez hacia la zona vieja, aunque con las limitaciones de no ser una calle peatonal y de carecer de aceras de ancho suficiente para acoger a un número elevado de viandantes. La calle se caracteriza por la amplia presencia de locales de ocio nocturno y nos conduce al mercado de la Piedra (famosísimo centro comercial remodelado y modernizado en el que se puede adquirir todo tipo de productos), al que se puede acceder a través de una rampa empinada que culmina en la plaza del mercado. Desde esta plaza, cruzando una pasarela sobre la propia calle Teófilo Llorente, se llega a un mirador desde el que se ofrece al paseante hermosas vistas de la ría de Vigo.

Como alternativa a la rampa de subida, está la continuación de la calle Teófilo Llorente para entrar en el mercado por su parte baja o enlazar con la calle Pescadería, cuya fama proviene de los establecimientos de degustación de ostras, que le han proporcionado el más popular nombre de "calle de las Ostras". Nuestro recorrido termina al pasar esta calle y descender por la Bajada a la Fuente hasta el Náutico.

## ITINERARIO

PUERTA DEL SOL ▶ PLAZA DE LA PRINCESA ▶ PLAZA DE LA CONSTITUCIÓN ▶ CALLE DEL TRIUNFO ▶ COLEGIATA ▶ CALLE REAL ▶ PLAZA DEL BERBÉS ▶ CALLE TEÓFILO LLORENTE ▶ MERCADO DE LA PIEDRA ▶ CALLE PESCADERÍA ▶ BAIXADA Á FONTE ▶ NÁUTICO

## FICHA TÉCNICA

**Longitud aproximada:** 950 m.

**Lugares de interés:** Sireno, Casa da Cultura de Galicia, Colegiata, mercado de la Piedra, mirador, calle de las Ostras.

**Accesos para minusválidos:** los bordillos están rebajados, a excepción de la Bajada a la Fuente.

**Cruces de calle:** si se sigue el recorrido propuesto, sólo se debe atravesar la Puerta del Sol, a la altura de la plaza de la Princesa.

**Estado del firme y ancho de las aceras:** es aceptable, salvo en algunas zonas de la calle Real. La mayor parte del recorrido se hace por zona peatonal, excepto Teófilo Llorente, que cuenta con aceras estrechas.

**Áreas de reposo:** existen numerosos lugares de descanso, habilitados con bancos, en la plaza de la Princesa y en la plaza del Berbés. Hay, además, muchas terrazas propias de los locales.

**Iluminación:** es aceptable en casi todo el recorrido, excepto en algunos soportales y en aquellos lugares en los que las farolas han sido víctimas del vandalismo.

**Desniveles:** todo el recorrido se encuentra, en mayor o menor medida, en pendiente. Esto representa un verdadero problema para las sillas de minusválidos, tanto en la rampa del mercado de la Piedra como en las calles Teófilo Llorente, Real y Triunfo.

**Vistas:** el mirador de La Piedra ofrece vistas panorámicas de la ría de Vigo y el uso de un telescopio de pago.

**Servicios:** abunda la oferta hostelera y los establecimientos de recuerdos.

**Transporte urbano:** pueden tomarse diversas líneas de autobús, tanto en la Puerta del Sol como en la plaza del Berbés.

**Dificultad:** baja. Es accesible para dar un paseo.

PASEO 02 CASCO VELLO

# O Vigo orixinal

A ruta transcorre polas zonas máis características do Casco Vello vigués, desde a Porta do Sol ata as terrazas de Teófilo Llorente, nun tranquilo percorrido por algunhas das rúas máis antigas da cidade.

Tomando como punto de partida o centro de información turística situado ós pés do Sireno, na Porta do Sol, iníciase un traxecto de beirarrúas amplas en lixeira pendente, chea de terrazas pertencentes á multitude de establecementos hostaleiros da zona. Esta primeira parte do percorrido é totalmente urbana e ten un exceso de ruído e contaminación atmosférica que lle restan atractivo. Anexa a esta rúa, atópase a praza da Princesa, que alberga a Casa da Cultura de Galicia e que acolle o primeiro lugar de descanso, libre de ruído ambiental, para gozar das terrazas.

Saíndo da Porta do Sol polo seu extremo máis elevado, accédese á Praza da Constitución, que , pola súa quietude, constitúe unha auténtica perda de contacto coa realidade urbana. Rodeada por soportais, o seu pavimento é a primeira mostra de que nos atopamos na zona máis anella da cidade: lousas de pedra en lixeira pendente que acollen un bo número de terrazas en torno a un gran farol que ocupa o centro da praza. Nos carteis informativos o paseante pode informarse sobre o traxecto que debe seguir .

Das varias saídas posibles, escolleuse a rúa do Triunfo por ser a máis ancha de todas, aínda que tamén se pode acceder ó noso seguinte destino a través da rúa Cesteiros, famosa polos seus establecementos especializados no manexo do vimbio. Nun descenso breve, alcánzase a Colexiata, cun espazo aberto con escalinata na que se pode admirar a concatedral e desde a que, se se continúa a baixada, se chega ó mercado da Pedra.

O noso itinerario prosegue pola esquerda do espazo aberto, que nos conduce á rúa Real, enlousada, estreita e chea de reviravoltas partidas polas distintas calellas que desembocan nela desde as zonas próximas. Ó final da rúa, atópase a praza do Berbés, un novo espazo de soportais e ofertas gastronómicas típicas da cidade. Esta praza, pavimentada e adornada por unha oliveira centenaria e por diversas árbores e fontes, acolle un campo de fútbol-sala e unha escultura que exalta ós mariñeiros.

Máis próxima ó mar e en paralelo á rúa Real, a rúa Teófilo Llorente permítenos ascender outra vez cara á zona vella, aínda que coas limitacións de non ser unha rúa peonil e de carecer de beirarrúas de ancho suficiente para acoller un número elevado de viandantes. A rúa caracterízase pola abundante presenza de locais de ocio nocturno e condúcenos ó mercado da Pedra (famosísimo centro comercial remodelado e modernizado no que se poden adquirir todo tipo de produtos), ó que se pode acceder a través dunha rampla empinada que culmina na praza do mercado. Desde esta praza, cruzando unha pasarela sobre a propia rúa Teófilo Llorente, chégase a un miradoiro desde o que se ofrecen ó paseante fermosas vistas da ría de Vigo.

Como alternativa á rampla de subida, está a continuación da rúa Teófilo Llorente para entrar no mercado pola súa parte baixa ou enlazar coa rúa da Pescadería, famosa polos establecementos de degustación de ostras, que lle proporcionaron o máis popular nome de "rúa das Ostras". O noso percorrido termina ó pasar esta rúa e descender pola Baixada á Fonte ata o Náutico.

ITINERARIO

PORTA DO SOL ▶ PRAZA DA PRINCESA ▶ PRAZA DA CONSTITUCIÓN ▶ TRIUNFO ▶ COLEXIATA ▶ REAL ▶ PRAZA DO BERBÉS ▶ TEÓFILO LLORENTE ▶ MERCADO DA PEDRA ▶ PESCADERÍA ▶ BAIXADA Á FONTE ▶ NÁUTICO

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** 950 m.

**Lugares de interese:** Sireno, Casa da Cultura de Galicia, Colexiata, mercado da Pedra, miradoiro, rúa das Ostras.

**Accesos para minusválidos:** os bordos están rebaixados, a excepción da Baixada á Fonte.

**Cruzamentos de rúa:** se se segue o percorrido proposto, só se debe atravesar a Porta do Sol, á altura da praza da Princesa.

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** é aceptable, salvo nalgunhas zonas da rúa Real. A maior parte do percorrido faise por zona peonil, excepto Teófilo Llorente, que conta con beirarrúas estreitas.

**Zonas de repouso:** existen numerosos lugares de descanso, habilitados con bancos, na praza da Princesa e na praza do Berbés. Hai, ademais, moitas terrazas propias dos locais.

**Iluminación:** é aceptable en case todo o percorrido, excepto nalgúns soportais e naqueles lugares en que os farois foron vítimas do vandalismo.

**Desniveis:** todo o percorrido se atopa, en maior ou menor medida, en pendente. Isto representa un verdadeiro problema para as cadeiras de minusválidos, tanto na rampla do mercado da Pedra como nas rúas Teófilo Llorente, Real e Triunfo.

**Vistas:** o miradoiro da Pedra ofrece vistas panorámicas da ría de Vigo e o uso dun telescopio de pago.

**Servizos:** abunda a oferta hostaleira e os establecementos de recordos.

**Transporte urbano:** poden tomarse diversas liñas de autobús, tanto na Porta do Sol como na praza do Berbés.

**Dificultade:** baixa. É accesible para dar un paseo.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES



Mercado de La Piedra / Mercado da Pedra



Teófilo Llorente



Bajada a la fuente / Baixada á fonte




Puerta del Sol / Porta do Sol



Plaza de la Constitución / Praza da Constitución

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12



RUTA PEATONAL 3 / RUTA PEONIL 3

# Paseo del Lagares
# Paseo do Lagares




# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1. Sárdoma
2. Parque de Castrelos
3. Avenida del Alcalde Portanet
4. Avenida de Citroën
5. Avenida de Citroën, cruce con Florida
6. Depuradora
7. Desembocadura Lagares






LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Zona de recreo
- Papelera para perros / *Papeleira para cans*
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Fuente / *Fonte*
- Ausencia o mal estado de papaleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*
- Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*
- Parada de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*
- Zona mal iluminada
- Tráfico denso / *Tráfico denso*
- Escaleras / *Escaleiras*
- Paso de peatones sin acceso para silla de ruedas / *Paso de peóns sen acceso para cadeiras de rodas*
- Paso de peatones sin aviso para ciegos / *Paso de peóns sen aviso para cegos*
- Firme en mal estado
- Contaminación acústica elevada
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 03 LAGARES

# A través de Vigo, hasta el mar

El recorrido planteado sigue el curso del río Lagares y atraviesa varias zonas de la ciudad, así como varios tramos rurales de cierta belleza paisajística.

El estudio parte de una zona de difícil acceso, muy poco transitada, en el Barrio de Sárdoma, a partir de la cual el paseo va serpenteando durante un par de kilómetros sin ningún tipo de sistema de recogida de basuras ni iluminación. Este tramo presenta piso de tierra y, en ocasiones, se encuentra invadido por la maleza que crece a los lados del sendero. Desemboca en el parque de Castrelos, tras una zona en la que el río fluye a través de un sistema de canalización artificial, en la que el paseo cuenta con una barandilla de madera, pues no presenta orillas definidas.

Al parque de Castrelos se accede a través de un pequeño túnel bajo la calle Bajada al Pontillón, desde el que atravesamos el parque, paralelamente al río, por los caminos que en él existen y desembocamos en la Avenida Castrelos por la puerta que hay al final del Paseo Ángel Ilarri. En el tramo que cruza el parque encontramos un buen número de papeleras, farolas y alguna zona de asiento, a diferencia del tramo anterior.

Atravesando la avenida de Castrelos, seguimos el curso del río por un tramo que transcurre por entre las avenidas del Alcalde Portanet y de Balaídos, en el que destaca la presencia de un puente romano acotado por una verja metálica. En este trecho, también es posible encontrar un descampado con césped, una zona de asiento y un puentecillo de madera a través del cual se puede pasar a la otra orilla. Esta parte del recorrido no resalta por su belleza; de hecho, está un tanto descuidada y, pese a que presenta alguna farola, no es muy recomendable transitarla de noche. Casi no hay papeleras.

El paseo transcurre por la parte trasera del estadio de Balaídos, por la avenida de Citroën, y atraviesa un semáforo que carece de dispositivo para ciegos y posee un escalón no apto para sillas. Por esta zona de acceso al estadio, encontramos un par de zonas de descanso, con bancos a la sombra de los árboles, setos, papeleras y una batería de contenedores de reciclaje. Se continúa por la orilla del río después de pasar el recinto, tras un semáforo sin aviso sonoro para ciegos.

El paseo del río Lagares propiamente dicho empieza aquí, pues esta zona presenta una serie de características que lo definen como tal. Para empezar, el suelo lo conforman dos hileras de losas de piedra que, a lo largo de todo el recorrido, se encuentran en mal estado de conservación, colocadas desigualmente, rotas y estropeadas. Abundan los bancos de madera a lo largo de todo el paseo y escasean, en este tramo, las papeleras y las farolas, víctimas del vandalismo frente al que esta zona está indefensa. Si se camina un buen rato, se encuentra el paseo discurre bajo la avenida de la Florida, a través de una pasarela estrecha y oscura sobre el lecho del río. El recorrido continúa atravesando la zona trasera del polígono industrial del camino del Caramuxo, que presenta características similares a las del tramo anterior a la pasarela. La ruta prosigue hasta la avenida de Ricardo Mella por un camino estrecho, encajado entre el río y la maleza, bajo las copas de los árboles, poco transitado y algo siniestro.

Se pasa bajo la avenida de Ricardo Mella por medio de un túnel paralelo al curso del río. El trayecto adopta otras características propias que lo diferencian del resto: el suelo es ahora una especie de mampostería a base de pequeñas piedras de pizarra. Dada la relativa modernidad de este último tramo, se puede decir que está bien conservado. En la zona cercana al túnel, el paseo se extiende hacia la orilla opuesta, comunicada mediante un par de puentes de madera en buen estado. A lo largo de este tramo, aparecen regularmente bancos y papeleras, además de alguna fuente. El último trecho, tras el puente que lleva hacia la zona de la depuradora, carece de estas comodidades y de sombra alguna. En la zona de las marismas el camino se bifurca y nosotros seguimos el tramo de la derecha, a través de un puente de piedra, para acabar en Samil, junto a la desembocadura del río Lagares. Esta parte carece de servicios. A 200 metros de la desembocadura, podemos encontrar una parada de autobús sin marquesina desde la que volver a casa tras el paseo.

ITINERARIO

BARRIO DE SÁRDOMA ▶ PARQUE DE CASTRELOS ▶ AVENIDA DEL ALCALDE PORTANET ▶ BALAÍDOS ▶ AVENIDA DE CITROËN ▶ DEPURADORA ▶ SAMIL (SIEMPRE SIGUIENDO EL CURSO DEL RÍO LAGARES)

FICHA DEL RECORRIDO

**Longitud aproximada:** entre 7.000 y 7.300 m.

**Lugares de interés:** parque de Castrelos (Quiñones de León), puente romano (tras la Avenida del Alcalde Portanet) y marismas de Samil.

**Accesos para minusválidos:** en la calle Val Miñor, no están rebajadas las aceras.

**Cruces de calle:** se cruza mediante semáforos en Castrelos (sin aviso para ciegos), en Val Miñor (sin rampa ni aviso) y en la circular del estadio (sin aviso); a través de pasos subterráneos bajo la avenida de la Florida, la circunvalación sur y Ricardo Mella.

**Estado del firme y ancho de las aceras:** el suelo de tierra del tramo inicial, que atraviesa Sárdoma, está, relativamente, en buen estado. La parte entre Balaídos y Ricardo Mella presenta unas aceras muy mal conservadas. Desde Ricardo Mella hasta Samil el firme es bueno.

**Áreas de reposo:** no hay hasta la zona que comienza en Balaídos, a excepción del Parque de Castrelos. En el trecho que parte de Ricardo Mella también podemos encontrar bancos con cierta regularidad hasta el tramo final, que carece de ellos.

**Iluminación:** no es muy buena. En algunos tramos (Sárdoma-Castrelos, zona marismas) hay una ausencia total y las farolas están rotas en los demás. En general, se encuentra poco iluminado.

**Desniveles:** transcurre en llano en todo el recorrido.

**Servicios:** existen sólo en la intersección de la avenida de Castrelos y del Alcalde Portanet.

**Transporte urbano:** varias líneas llevan al paseo, pero sólo en las avenidas que lo cortan en su recorrido, véase Castrelos, Florida o Ricardo Mella.

**Dificultad:** media-alta. Es un recorrido muy largo y, en tramos, inhóspito.

PASEO 03 LAGARES

# A través de Vigo, ata o mar

O percorrido presentado segue o curso do río Lagares e atravesa varias zonas da cidade, así como varios tramos rurais de certa beleza paisaxística.

O estudo parte dunha zona de difícil acceso, moi pouco transitada, no barrio de Sárdoma, a partir da cal o paseo vai serpeando durante un par de quilómetros sen ningún tipo de sistema de recollida de lixo nin iluminación. Este tramo presenta piso de terra e, en ocasións, atópase invadido pola maleza que crece ós lados do sendeiro. Desemboca no parque de Castrelos, tras unha zona en que o río flúe a través dun sistema de canalización artificial, na que o paseo conta cunha varanda de madeira, pois non presenta ribeiras definidas.

Ó parque de Castrelos accédese a través dun pequeno túnel baixo a rúa Baixada ó Pontillón, desde o que atravesamos o parque, paralelamente ó río, polos camiños que nel existen e desembocamos na avenida de Castrelos pola porta que hai ó final do paseo de Ángel Ilarri. No tramo que cruza o parque encontramos un bo número de papeleiras, farois e algunha zona de asento, a diferenza do tramo anterior.

Atravesando a avenida de Castrelos, seguimos o curso do río por un tramo que transcorre por entre as avenidas do Alcalde Portanet e de Balaídos, e nel destaca a presenza dunha ponte romana acoutada por un enreixado metálico. Neste treito, tamén é posible atopar un descampado con céspede, unha zona de asento e unha pequena ponte de madeira a través da cal se pode pasar á outra ribeira. Esta parte do percorrido non resalta pola súa beleza; de feito, está un tanto descoidada e, pese a que presenta algún farol, non é moi recomendable transitala de noite. Case non hai papeleiras.

O paseo transcorre pola parte traseira do estadio de Balaídos, pola avenida de Citroën, e atravesa un semáforo que carece de dispositivo para cegos e posúe un chanzo non apto para cadeiras. Por esta zona de acceso ó estadio, encontramos un par de zonas de descanso, con bancos á sombra das árbores, sebes, papeleiras e unha batería de colectores de reciclaxe. Continúase pola ribeira do río despois de pasar o recinto, tras un semáforo sen aviso sonoro para cegos.

O paseo do río Lagares propiamente dito empeza aquí, pois esta zona presenta unha serie de características que o definen como tal. Para empezar, o chan confórmano dúas ringleiras de lousas de pedra que, ó longo de todo o percorrido, se encontran en mal estado de conservación, colocadas desigualmente, rotas e estragadas. Abundan os bancos de madeira ó longo de todo o paseo e, neste tramo, as papeleiras e os farois, vítimas do vandalismo fronte ó que esta zona está indefensa. Se se camiña un bo anaco, encóntrase o paseo que discorre baixo a avenida da Florida, a través dunha pasarela estreita e escura sobre o leito do río. O percorrido continúa atravesando a zona traseira do polígono industrial do camiño do Caramuxo, que presenta características similares ás do tramo anterior á pasarela. A ruta prosegue deica a avenida de Ricardo Mella por un camiño estreito, encaixado entre o río e a maleza, baixo as copas das árbores, pouco transitado e algo sinistro.

Pásase baixo a avenida de Ricardo Mella por medio dun túnel paralelo ó curso do río. O traxecto adopta outras características propias que o diferenzan do resto: o chan é agora unha especie de cachotería feita con pequenas lousas. Dada a relativa modernidade deste último tramo, pódese dicir que está ben conservado. Na zona próxima ó túnel, o paseo esténdese cara á ribeira oposta, comunicada mediante un par de pontes de madeira en bo estado. Ó longo deste tramo, aparecen regularmente bancos e papeleiras, ademais dalgunha fonte. O último treito, trala ponte que leva cara á zona da depuradora, carece destas comodidades e de sombra. Na zona das marismas, o camiño bifúrcase e nós seguimos o tramo da dereita, a través dunha ponte de pedra, para acabar en Samil, xunto á desembocadura do río Lagares. Esta parte carece de servizos. A 200 metros da desembocadura, podemos encontrar unha parada de autobús sen marquesiña desde á que volver a casa tralo paseo.

ITINERARIO

BARRIO DE SÁRDOMA ▶ PARQUE DE CASTRELOS ▶ AVENIDA DO ALCALDE PORTANET ▶ BALAÍDOS ▶ AVENIDA DE CITROËN ▶ DEPURADORA ▶ SAMIL (SEMPRE SEGUINDO O CURSO DO RÍO LAGARES)

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** entre 7.000 e 7.300 m.

**Lugares de interese:** o parque de Castrelos (Quiñones de León), a ponte romana (trala avenida de Portanet) e as marismas de Samil.

**Accesos para minusválidos:** na rúa do Val Miñor, non están rebaixadas as beirarrúas.

**Cruzamentos de rúa:** crúzase mediante semáforos en Castrelos (sen aviso para cegos), no Val Miñor (sen rampla nin aviso) e na circular do estadio (sen aviso); a través de pasos subterráneos baixo a avenida da Florida, a circunvalación sur e a avenida de Ricardo Mella.

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** o chan de terra do tramo inicial, que atravesa Sárdoma, está, relativamente, en bo estado. A parte entre Balaídos e Ricardo Mella presenta unhas beirarrúas moi mal conservadas. Desde Ricardo Mella ata Samil o firme é bo.

**Zonas de repouso:** non hai ata a zona que comeza en Balaídos, a excepción do parque de Castrelos. No treito que parte de Ricardo Mella tamén podemos encontrar bancos con certa regularidade ata o tramo final, que carece deles.

**Iluminación:** non é moi boa. Nalgúns tramos (Sárdoma-Castrelos, zona das marismas) hai unha carencia total e os farois están rotos nos demais. En xeral, atópase pouco iluminado.

**Desniveis:** todo o percorrido é chan.

**Servizos:** existen só na intersección da avenida de Castrelos coa de Portanet..

**Transporte urbano:** varias liñas levan ó paseo, pero só nas avenidas que o cortan no seu percorrido, véxase Castrelos, Florida ou Ricardo Mella.

**Dificultade:** media-alta. É un percorrido moi longo e, en tramos, incómodo.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES



Uno de los parques del recorrido / *Un dos parques do percorrido*



Avenida de Citroën



Cerca de la desembocadura / *Preto da desembocadura*



Alcalde Portanet



Un tramo a la sombra / *Un tramo á sombra*



RUTA PEATONAL 4 / RUTA PEONIL 4

# Monte del Castro
# Monte do Castro







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1. Plaza del Rey / Praza do Rei
2. Monumento a los caídos / Monumento aos caídos
3. Monumento de Rande
4. Paseo de Rosalía de Castro
5. Recinto amurallado
6. Paseo de los Cedros / Paseo dos Cedros
7. Manuel Olivé
8. Plaza de España / Praza de España




LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Zona de recreo
- Mirador o vistas / *Miradoiro ou vistas*
- Parada de taxi
- Desnivel leve
- Información turística
- Papelera para perros / *Papeleira para cans*
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Estanque
- Fuente / *Fonte*
- Ausencia o mal estado de papaleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*
- Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*
- Parada de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*
- Zona mal iluminada
- Escaleras / *Escaleiras*
- Paso de peatones sin aviso para ciegos / *Paso de peóns sen aviso para cegos*
- Firme en mal estado
- Desnivel pronunciado
- Contaminación acústica moderada
- Contaminación acústica elevada
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 04 MONTE DEL CASTRO

# El techo de la ciudad

El monte del Castro define y es exponente de la especial orografía de la ciudad de Vigo, que se va extendiendo, de forma radial, por lo que antes era la ladera del monte. Reúne belleza paisajística e interés histórico, además de una importante oferta de ocio y algunas de las mejores vistas de la ciudad en sus miradores.

Aunque se plantean dos rutas alternativas, con inicio y final en el ayuntamiento y la plaza España respectivamente, por ser lugares de fácil localización y acceso al transporte público, se recomienda realizar un paseo libre por toda la extensión del monte, sin atenerse a órdenes preestablecidos.

El Castro puede dividirse en dos partes, según se esté dentro o no de las murallas. La zona externa está acotada por dos anillos concéntricos: el exterior lo forman el paseo de Xosé María Álvarez Bázquez, el paseo de los cedros y la avenida del Marqués de Alcedo, y no es apto para el paseo, dada la inexistencia de aceras en condiciones, la gran cantidad de coches que aparcan en él y el tráfico que suele presentar; el interior lo constituye el paseo de Rosalía de Castro, que recorre todo el perímetro amurallado del monte.

En la parte externa de las murallas, cabe destacar varias zonas. La Cruz de los Caídos da nombre a la zona anexa al gran tramo de escaleras que une el primer anillo, por la propia cruz, con el segundo, a través del monumento Galeones de Rande. El inicio del recorrido desde el ayuntamiento presenta tres tramos de escaleras, con bancos en la parte superior, papeleras y luz. Encontramos una fuente y, de nuevo, escaleras hasta el monumento a los caídos. Esta zona cuenta con dos semicírculos con suelo de tierra, con asientos, con papeleras, con algún contenedor y con un gran número de farolas rotas. Las escaleras continúan ascendiendo por una zona muy arbolada, se bifurcan en un tramo plano, vuelven a subir y convergen en otro plano, esta vez un semicírculo, del que vuelven a subir hasta el monumento Galeones de Rande. Todo este trayecto presenta una gran pendiente, imposible para sillas de ruedas. Los tramos planos son de tierra. En ellos no abundan las papeleras y muchas farolas están rotas. La subida está coronada por el citado monumento, sito en un mirador con vistas a la ría y acotado por cadenas y cañones. En la zona anexa, encontramos bancos, papeleras, telescopios y varias farolas rotas. La parte pegada al paseo tiene un suelo de grandes losas de piedra, formando un mirador orientado al norte, pero con el inconveniente de tener un par de escalones, lo que lo hace inaccesible para sillas de ruedas.

En esta zona exterior, también hay que resaltar el parque de Charlie Rivel (parque infantil, circuito para bicicletas y pista de patinaje), situado en la parte sur del parque, en tres alturas. De éste destaca la pendiente que une el circuito con la pista, una rampa de tierra en muy mal estado. La zona, en general, está muy deteriorada: las papeleras, las farolas y los bancos están rotos, las rampas de la pista se encuentran viejas y rotas, los semáforos del circuito no funcionan… Por último, hallamos el yacimiento arqueológico de la ladera oeste, aunque conservado en mal estado y ubicado en una zona del monte incómoda y aislada.

El paseo de Rosalía de Castro define y separa la zona del castillo del resto del parque. Se trata de una vía de un solo sentido, que cuenta con aceras de tierra separadas de la calzada por árboles y setos. Desde él parten múltiples caminos interiores y varios tramos de escaleras llevan hasta la zona del castillo. Hay papeleras, bancos y farolas por todo el recorrido. La pendiente es suave y el piso está en buenas condiciones.

Se accede al interior de la muralla por un túnel flanqueado por cañones, frente a la rotonda de entrada al parque, por un camino adoquinado que desemboca en la puerta de la fortaleza interior en el que se encuentra una gran antena de radio. Esta zona posee una gran extensión de césped, miradores (destaca uno orientado al norte que cuenta con las mejores vistas de O Morrazo), zonas de asiento, zonas de sombra, etc. Se encuentran algunas papeleras, si bien no parecen suficientes. No hay iluminación salvo la del túnel de entrada y de la que se pueda filtrar desde el paseo de Rosalía de Castro. El piso de tierra se sitúa, en algunos tramos, en malas condiciones. En el extremo norte, se encuentra una puerta auxiliar por la que es posible acceder al interior de la fortaleza tras superar una pequeña barbacana. Esta zona interior está acotada por setos en las partes que no delimitan las murallas.

El interior de la fortaleza tiene dos accesos: el principal, que sigue el camino que viene de la entrada sur, y la puerta lateral, que aparece en el extremo norte. Ambos imposibilitan la entrada a sillas de ruedas, dada

ITINERARIO A

PLAZA DEL REY ▶ CRUZ DE LOS CAÍDOS ▶ GALEONES DE RANDE ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ MIRADOR ▶ FORTALEZA ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ CALLE MANUEL OLIVÉ ▶ PLAZA DE ESPAÑA

ITINERARIO B

PLAZA DE ESPAÑA ▶ CALLE MANUEL OLIVÉ ▶ PARQUE DE CHARLIE RIVEL ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ MURALLA ▶ FORTALEZA ▶ MIRADOR ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ GALEONES DE RANDE ▶ PLAZA DEL REY

la presencia de tramos de escaleras que flanquean la puerta. El interior del recinto amurallado es de una gran belleza, se encuentra en muy buen estado de conservación y cuenta con algunos de los mejores miradores de la ciudad. El jardín interior posee múltiples motivos florales, setos y un estanque con fuente potable. Hay bancos y zonas de asiento por todo el recorrido, en el que se aprovecha la estructura de la muralla para crear espacios independientes, normalmente coronados por miradores. Cabe destacar la presencia de múltiples figuras escultóricas. El recinto permanece cerrado por las noches, por lo que carece de iluminación.

El acceso desde la plaza España se realiza por la calle Manuel Olivé, que lleva hasta la rotonda del paseo de Rosalía de Castro, con una pendiente elevada aunque menor que la de las escaleras de la cruz. Bien iluminada, cuenta con muchos bancos en la parte del recorrido que queda entre el primer y segundo anillo del Castro, así como con papeleras y contenedores de basura. Presenta aceras de tierra hasta el cruce con la avenida del Marqués de Alcedo, donde pasan a ser de baldosa gris.

FICHA DEL RECORRIDO

**Longitud aproximada:** entre 1.200 y 2.000 m, dependiendo de las visitas interiores.

**Lugares de interés:** plaza de España (escultura de los caballos), Conservatorio Superior de Música, fortaleza y miradores del Castro, monumento Galeones de Rande (escultura), Cruz de los caídos y plaza del Rey.

**Accesos para minusválidos:** las pendientes presentan grandes dificultades. Resulta imposible el acceso al interior de la fortaleza, ya que no hay rampa, al igual que en la zona del monumento Galeones de Rande y en las escaleras de la cruz.

**Cruces de calle:** atraviesa las siguientes calles: Condes de Gondomar, Ramón y Cajal, Marqués de Alcedo, paseo de Rosalía de Castro y Camelias. Los cruces se realizan mediante pasos de peatones sin semáforos, convenientemente rebajados para el tránsito de sillas de ruedas.

**Estado del firme y ancho de las aceras:** las aceras se encuentran en mal estado en la calle Manuel Olivé, en el cruce con Marqués de Alcedo. Las aceras son de tierra en el paseo de Rosalía de Castro, y se encuentran en malas condiciones en algunas zonas.

**Áreas de reposo:** se pueden encontrar zonas de asiento a lo largo de todo el recorrido, exceptuando la subida desde la plaza de España.

**Iluminación:** resulta aceptable en la mayor parte del trayecto, salvo en la zona del monumento Galeones de Rande, debido a que las farolas están rotas, y en la zona interior y exterior de la fortaleza, carente de farolas.

**Desniveles:** el desnivel es constante, ya que está situado sobre una gran elevación orográfica, con grandes pendientes ascendentes y descendentes en los tramos inicial y final.

**Vistas:** hay miradores orientados a la ría. En algunos casos, cuentan con telescopios de pago.

**Transporte urbano:** se puede acceder por autobús al inicio y final de la ruta, con diversas paradas dotadas de marquesina y asiento. También es posible encontrar una parada del bus turístico en el recinto del parque.

**Dificultad:** alta. Los desniveles son pronunciados y existe gran cantidad de escaleras.

PASEO 04 MONTE DO CASTRO

# O teito da cidade

O monte do Castro define e é expoñente da especial orografía da cidade de Vigo, que se vai estendendo, de forma radial, polo que antes era a aba do monte. Reúne beleza paisaxística e interese histórico, ademais dunha importante oferta de lecer e algunhas das mellores vistas da cidade nos seus miradoiros.

Aínda que se presentan dúas rutas alternativas, con inicio e final na casa do concello e na praza de España respectivamente, por ser lugares de fácil localización e acceso ó transporte público, recoméndase realizar un paseo libre por toda a extensión do monte, sen aterse a ordes preestablecidas.

O Castro pode dividirse en dúas partes, segundo se estea dentro ou non das murallas. A zona externa está acoutada por dous aneis concéntricos: o exterior fórmano o paseo de Xosé María Álvarez Bázquez, o paseo dos cedros e a avenida do Marqués de Alcedo, e non é apto para o paseo, dada a inexistencia de beirarrúas en condicións, a gran cantidade de coches que aparcan nela e o tráfico que adoita presentar; o interior constitúeo o paseo de Rosalía de Castro, que percorre todo o perímetro amurallado do monte.

Na parte externa das murallas, caben destacar varias zonas. A Cruz dos Caídos dá nome á zona anexa ó gran tramo de escaleiras que une o primeiro anel, pola propia cruz, co segundo, a través do monumento ós Galeóns de Rande. O inicio do percorrido desde o concello presenta tres tramos de escaleiras, con bancos na parte superior, papeleiras e luz. Encontramos unha fonte e de novo, escaleiras ata o monumento ós caídos. Esta zona conta con dous semicírculos con chan de terra, con asentos, con papeleiras, con algún colector e cun gran número de farois rotos. As escaleiras continúan ascendendo por unha zona moi arborada, bifúrcanse nun tramo plano, volven subir e converxen noutro plano, esta vez un semicírculo, do que volven subir ata o monumento ós Galeóns de Rande. Todo este traxecto presenta unha gran pendente, imposible para cadeiras de rodas. Os tramos chans son de terra. Neles non abundan as papeleiras e moitos farois están rotos. A subida está coroada polo citado monumento, sito nun miradoiro con vistas á ría e acoutado por cadeas e canóns. Na zona anexa, encontramos bancos, papeleiras, telescopios e varios farois rotos. A parte pegada ó paseo ten un chan de grandes lousas que forman un miradoiro orientado ó norte, pero co inconveniente de ter un par de chanzos, o que o fai inaccesible para cadeiras de rodas.

Nesta zona exterior, tamén hai que resaltar o parque de Charlie Rivel (parque infantil, circuíto para bicicletas e pista de patinaxe), situado na parte sur do parque, en tres alturas. Deste destaca a pendente que une o circuíto coa pista, unha rampla de terra en moi mal estado. En xeral, a zona está moi deteriorada: as papeleiras, os farois e os bancos están rotos, as ramplas da pista atópanse vellas e rotas, os semáforos do circuíto non funcionan… Por último, encontramos o xacemento arqueolóxico da aba oeste, aínda que conservado en mal estado e situado nunha zona do monte incómoda e illada.

O paseo de Rosalía de Castro define e separa a zona do castelo do resto do parque. Trátase dunha vía dun só sentido, que conta con beirarrúas de terra separadas da calzada por árbores e sebes. Desde el parten múltiples camiños interiores e varios tramos de escaleiras levan ata a zona do castelo. Hai papeleiras, bancos e farois por todo o percorrido. A pendente é suave e o piso está en boas condicións.

Accédese ó interior da muralla por un túnel flanqueado por canóns, fronte á rotonda de entrada ó parque, por un camiño lastrado que desemboca na porta da fortaleza interior no que se encontra unha grande antena de radio. Esta zona posúe unha grande extensión de céspede, miradoiros (destaca un orientado ó norte que conta coas mellores vistas do Morrazo), zonas de asento, zonas de sombra, etc. Atópanse algunhas papeleiras, se ben non parecen suficientes. Non hai iluminación, salvo a do túnel de entrada e da que se poda filtrar desde o paseo de Rosalía de Castro. O piso de terra está, nalgúns tramos, en malas condicións. No extremo norte, encóntrase unha porta auxiliar pola que é posible acceder ó interior da fortaleza tras superar unha pequena barbacá. Esta zona interior está acoutada por sebes nas partes que non delimitan as murallas.

O interior da fortaleza ten dous accesos: o principal, que segue o camiño que vén da entrada sur, e a porta lateral, que aparece no extremo norte. Ambos imposibilitan a entrada a cadeiras de rodas,

ITINERARIO A

PRAZA DO REI ▶ CRUZ DOS CAÍDOS ▶ GALEÓNS DE RANDE ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ MIRADOIRO ▶ FORTALEZA ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ RÚA DE MANUEL OLIVÉ ▶ PRAZA DE ESPAÑA

ITINERARIO B

PRAZA DE ESPAÑA ▶ RÚA DE MANUEL OLIVÉ ▶ PARQUE DE CHARLIE RIVEL ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ MURALLA ▶ FORTALEZA ▶ MIRADOIRO ▶ PASEO DE ROSALÍA DE CASTRO ▶ GALEÓNS DE RANDE ▶ PRAZA DO REI

dada a existencia de tramos de escaleiras que flanquean a porta. O interior do recinto amurallado é dunha gran beleza, atópase en moi bo estado de conservación e conta con algúns dos mellores miradoiros da cidade. O xardín interior posúe moitas flores, sebes e un estanque con fonte potable. Hai bancos e zonas de asento por todo o percorrido, no que se aproveita a estrutura da muralla para crear espazos independentes, normalmente coroados por miradoiros. Cabe destacar a presenza de múltiples figuras escultóricas. O recinto permanece pechado polas noites, polo que carece de iluminación.

O acceso desde a praza de España realízase pola rúa de Manuel Olivé, que leva ata a rotonda do paseo de Rosalía de Castro, cunha pendente elevada aínda que menor á das escaleiras da cruz. Ben iluminada, esta rúa conta cun bo número de bancos na parte do percorrido que queda entre o primeiro e o segundo anel do Castro, así como con papeleiras e colectores de lixo. Presenta beirarrúas de terra ata o cruzamento coa avenida do Marqués de Alcedo, onde pasan a ser de baldosa gris.

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** entre 1.200 e 2.000 m, dependendo das visitas interiores.

**Lugares de interese:** praza de España (escultura dos cabalos), Conservatorio Superior de Música, fortaleza e os miradoiros do Castro, monumento ós Galeóns de Rande (escultura), Cruz dos Caídos e praza do Rei.

**Accesos para minusválidos:** as pendentes presentan grandes dificultades. Resulta imposible o acceso ó interior da fortaleza, xa que non hai rampla, igual que na zona do monumento ós Galeóns de Rande e nas escaleiras da cruz.

**Cruzamentos de rúa:** atravesa as seguintes rúas: Condes de Gondomar, Ramón y Cajal, Marqués de Alcedo, paseo de Rosalía de Castro e avenida das Camelias. Os cruces realízanse mediante pasos de peóns sen semáforos, convenientemente rebaixados para o tránsito de cadeiras de rodas.

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** as beirarrúas atópanse en mal estado na rúa Manuel Olivé, no cruzamento con Marqués de Alcedo; son de terra no paseo de Rosalía de Castro, e encóntranse en malas condicións nalgunhas zonas.

**Zonas de repouso:** pódense encontrar zonas de asento ó longo de todo o percorrido, exceptuando a subida desde a praza de España.

**Iluminación:** resulta aceptable na maior parte do traxecto, salvo na zona do monumento ós galeóns de Rande, debido a que os farois están rotos e na zona interior e exterior da fortaleza, carente deles.

**Desniveis:** o desnivel é constante, xa que está situado sobre unha grande elevación orográfica, con grandes pendentes ascendentes e descendentes nos tramos inicial e final.

**Vistas:** hai miradoiros orientados á ría. Nalgúns casos, contan con telescopios de pago.

**Transporte urbano:** pódese acceder por autobús ó inicio e final da ruta, con diversas paradas dotadas de marquesiña e asento. Tamén é posible encontrar unha parada do bus turístico no recinto do parque.

**Dificultade:** alta. Os desniveis son pronunciados e existen moitas escaleiras.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES




Monumento a Rande y Plaza del Rey / *Monumento a Rande e Praza do Rei*



Rotonda



Paseo de los Cedros / *Paseo dos Cedros*



Interior de la muralla / *Interior da muralla*



Paseo de Rosalía de Castro



Fortaleza



Plaza de España / *Praza de España*



RUTA PEATONAL 5 / RUTA PEONIL 5

# Monte de La Guía
# Monte da Guía







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1. Doctor Corbal / *Doutor Corbal*
2. Doña Fermina / Dona Fermina
3. Ermita de A Guía / *Ermida da Guía*




LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Cruceiro
- Iglesia / *Igrexa*
- Mirador o vistas / *Miradoiro ou vistas*
- Desnivel leve
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Fuente / *Fonte*
- Parada de bus con marquesina y asientos / *Parada de bus con marquesiña e asentos*
- Ausencia o mal estado de papaleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*
- Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*
- Escaleras / *Escaleiras*
- Paso de peatones sin acceso para silla de ruedas / *Paso de peóns sen acceso para cadeiras de rodas*
- Firme en mal estado
- Desnivel pronunciado
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 05 MONTE DE LA GUÍA

# El vigilante de la Ría

Emplazado en el extremo norte de la ciudad, el parque de A Guía ofrece una inmejorable vista de la ría de Vigo, del casco urbano y de la península de O Morrazo. Por su gran elevación, permite al paseante observar una amplia zona de terreno desde la parte de la cumbre, al encontrarse con una visión de casi trescientos sesenta grados en la zona de la ermita.

El recorrido empieza en el cruce de la calle Doctor Corbal con la calle Doña Fermina, en la parada de autobús urbano, y recorre esta última por completo hasta alcanzar la cima del parque. A lo largo del trayecto, se encuentran trece cruceiros en los bordes interiores de la calzada, referencias habituales en la procesión del vía crucis.

En los primeros cien metros del trayecto, no existen aceras y se ha de caminar por los bordes exteriores de los mínimos arcenes de la calzada. Al comienzo del parque, se inician dos aceras de tierra separadas por la carretera, de tal manera que el borde interior queda acotado por la propia pared del monte y abierto el exterior, con setos a modo de muro y vistas al mar.

La pendiente de la subida por la calle Doña Fermina se acentúa a medida que se cubre el camino, aunque el efecto agotador del ascenso puede verse paliado por la sombra proporcionada por los árboles que bordean todo el trayecto y por los múltiples lugares de descanso. Al inicio, podemos encontrar un cartel informativo en el que se detalla la flora del parque, así como una ruta que podemos seguir para hacer más amena la visita al recinto.

En uno de los primeros tramos, se encuentra una zona de descanso, con bancos, adornada por restos de barcos hundidos, tales como cañones y anclas. Es común en toda la ascensión hallar asientos dispuestos regularmente, así como farolas y papeleras. El parque presenta una serie de caminos, aparte de la vía principal, con los que el paseante tiene la posibilidad de buscar otras rutas para ascender a la ermita. A pesar de ello, los caminos alternativos no tienen un uso elevado por el estado de relativo abandono, lo solitario del lugar y la inseguridad de la zona. Hacia la mitad del recorrido, se sitúan dos zonas de aparcamiento en una explanada partida en dos por la carretera, con bastante capacidad para vehículos, papeleras y contenedores, pero no demasiada iluminación.

En el último tramo del paseo, a partir del crucero número trece, el seto de la acera exterior es sustituido por una barandilla metálica, sostenida por pequeños bloques de piedra, en los cuales se pueden encontrar grabadas inscripciones y lemas variados. Se sustituye el suelo de tierra, que caracteriza al resto del paseo, por uno de baldosín blanco y negro.

La ermita corona nuestro paseo en el punto más alto del monte, inserta en una rotonda que da forma al gran mirador de A Guía. Una plataforma de losas de piedra la rodea por el exterior con un escalón que dificulta el acceso para sillas. Dotada de papeleras y de una buena iluminación, carece de zonas de asiento, necesarias tras el desgaste de la subida. Desde este punto, se puede disfrutar de algunas de las mejores vistas de la ciudad, de la ría de Vigo y de la península de O Morrazo.

ITINERARIO

CALLE DOÑA FERMINA ▶ MIRADOR DE A GUÍA

FICHA DEL RECORRIDO

**Longitud aproximada:** 1.120 m.

**Lugares de interés:** mirador y ermita de A Guía.

**Accesos para minusválidos:** no reviste especial dificultad, excepto por un par de pasos de peatones no habilitados con rampa en la subida y en la cima del monte, en el acceso a la ermita, que presenta un escalón.

**Cruces de calle:** no se producen cruces de relevancia en el primer tramo, pues, cuando empieza el paseo propiamente dicho, no se atraviesa ninguna vía.

**Estado del firme y ancho de las aceras:** hasta el inicio del paseo arbolado no hay aceras; en dicho paseo encontramos caminos de tierra en buen estado.

**Áreas de reposo:** se pueden encontrar bancos a lo largo de todo el recorrido que transcurre bajo los árboles. Además, podemos hallar pequeños miradores en el camino, dotados de zonas de asiento.

**Iluminación:** existen farolas por todo el trayecto.

**Desniveles:** la ruta transcurre en pendiente ascendente suave desde el inicio del paseo arbolado, si bien en su tramo final ésta se acentúa.

**Vistas:** son inmejorables; hay casi 360 grados de panorámica de la ría, la ciudad y los alrededores.

**Servicios:** no hay.

**Transporte urbano:** hay una parada de autobús con marquesina al inicio del trayecto.

**Dificultad:** media. El recorrido es corto pero empinado.

PASEO 05 MONTE DA GUÍA

# O vixilante da ría

Emprazado no extremo norte da cidade, o parque da Guía ofrece unha inmellorable vista da ría de Vigo, do núcleo urbano e da península do Morrazo. Pola súa grande elevación, permítelle ó paseante observar unha ampla zona de terreo desde a parte do cumio, ó encontrarse cunha visión de case trescentos sesenta graos na zona da ermida.

O percorrido empeza no cruzamento da rúa do Doutor Corbal coa rúa Dona Fermina, na parada de autobús urbano, e percorre esta última por completo ata alcanza-la cima do parque. Ó longo do traxecto, atópanse trece cruceiros nos bordos interiores da calzada, referencias habituais na procesión do vía crucis.

Nos primeiros cen metros do traxecto, non existen beirarrúas e hai que camiñar polos bordos exteriores das estreitas beiravías da calzada. Ó comezo do parque, iníciase dúas beirarrúas de terra separadas pola estrada, de tal maneira que o bordo interior queda acoutado pola propia parede do monte e aberto ó exterior, con sebes a modo de muro e vistas ó mar.

A pendente da subida pola rúa de Dona Fermina acentúase a medida que se cobre o camiño, aínda que o efecto esgotador do ascenso pode verse paliado pola sombra proporcionada polas árbores que bordean todo o traxecto e polos múltiples lugares de descanso. Ó inicio, podemos encontrar un cartel informativo no que se detalla a flora do parque, así como unha ruta que podemos seguir para facer máis amena a visita ó recinto.

Nun dos primeiros tramos, atópase unha zona de descanso, con bancos, adornada por restos de barcos fundidos, tales como canóns e áncoras. É común en toda a ascensión atopar asentos dispostos regularmente, así como farois e papeleiras. O parque presenta unha serie de camiños, á parte da vía principal, polos que o paseante ten a posibilidade de buscar outras rutas para ascender á ermida. A pesar diso, os camiños alternativos non teñen un uso elevado polo estado de relativo abandono, o solitario do lugar e a inseguridade da zona. Cara á metade do percorrido, sitúanse dúas zonas de aparcamento nun espazo amplo partido en dous pola estrada, con bastante capacidade para vehículos, papeleiras e colectores, pero non demasiada iluminación.

No último tramo do paseo, a partir do cruceiro número trece, a sebe da beirarrúa exterior é substituída por unha varanda metálica, sostida por pequenos bloques de pedra, nos cales se poden encontrar gravadas inscricións e lemas variados. Substitúese o chan de terra, que caracteriza ó resto do paseo, por un de baldosa branca e negra.

A ermida coroa o noso paseo no punto máis alto do monte, inserida nunha rotonda que dá forma ó gran miradoiro da Guía. Unha plataforma de lousas de pedra rodéaa polo exterior cun chanzo que dificulta o acceso para cadeiras. Dotada de papeleiras e dunha boa iluminación, carece de zonas de asento, necesarias tralo desgaste da subida. Desde este punto, pódese gozar dalgunhas das mellores vistas da cidade, da ría de Vigo e da península do Morrazo.

ITINERARIO

RÚA DONA FERMINA ▶ MIRADOIRO DA GUÍA

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** 1.120 m.

**Lugares de interese:** miradoiro e ermida da Guía.

**Accesos para minusválidos:** non reviste especial dificultade, excepto por un par de pasos de peóns non habilitados con rampla na subida e no cumio do monte, no acceso á ermida, que presenta un chanzo.

**Cruzamentos de rúa:** non se producen cruzamentos de relevancia no primeiro tramo, pois, cando empeza o paseo propiamente dito, non se atravesa ningunha vía.

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** ata o inicio do paseo arborado non hai beirarrúas; no citado paseo encontramos camiños de terra en bo estado.

**Zonas de repouso:** pódense encontrar bancos ó longo de todo o percorrido que transcorre baixo as árbores. Ademais, podemos atopar pequenos miradoiros no camiño, dotados de zonas de asento.

**Iluminación:** existen farois por todo o traxecto.

**Desniveis:** a ruta transcorre en pendente ascendente suave desde o inicio do paseo arborado, se ben no seu tramo final esta se acentúa.

**Vistas:** son inmellorables; hai case 360 graos de panorámica da ría, da cidade e dos arredores.

**Servizos:** non hai.

**Transporte urbano:** hai unha parada de autobús con marquesiña ó inicio do traxecto.

**Dificultade:** media. O percorrido é curto pero empinado.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES



Fin de Doctor Corbal / *Fin de Doutor Corbal*



Paseo



Fin del paseo de tierra / *Fin do paseo de terra*



Comienzo de Doña Fermina / *Comezo de Dona Fermina*



Ermita de La Guía / *Ermida da Guía*



RUTA PEATONAL 6 / RUTA PEONIL 6

# Parque de Castrelos







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1 Entrada por avenida de Castrelos

2 Auditorio

3 Vivero / Viveiro

4 Pazo Quiñones de León

5 Paseo de Ángel Ilarri

6 Jardines y estanques / Xardíns e estanques

7 Salida a la avenida de Castrelos / Saída á avenida de Castrelos




LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Zona de recreo
- Desnivel leve
- Servicios sanitarios / *Servizos sanitarios*
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Estanque
- Fuente / *Fonte*
- Zona mal iluminada
- Ausencia o mal estado de papeleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*
- Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*
- Parada de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*
- Tráfico denso / *Tráfico denso*
- Escaleras / *Escaleiras*
- Firme en mal estado
- Paso de peatones sin acceso para silla de ruedas / *Paso de peóns sen acceso para cadeiras de rodas*
- Desnivel pronunciado
- Contaminación acústica extrema
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 06 PARQUE DE CASTRELOS

# El pulmón de Vigo

El parque de Castrelos es una de las más extensas áreas verdes de la ciudad y de sus alrededores. En él se pueden distinguir diversas localizaciones de interés por las que dar un paseo agradable y recreativo. Combina una gran riqueza vegetal con interesantes edificaciones y zonas de descanso.

El recorrido arranca desde la avenida de Castrelos, fácilmente accesible desde las principales arterias de la ciudad y perfectamente dotada de servicios de autobús público. El aparcamiento de vehículos privados es complicado. Al parque Quiñones de León se entra por una gran puerta de piedra que da a una gran explanada de tierra con césped, con acceso cercado para coches y pistas deportivas en una zona anexa. Se cruza el río sobre un puente de piedra con dos carriles separados por una gran jardinera y farolas triples. La iluminación de esta zona proviene de la propia de la calle y de la aportada por dichas farolas, aunque resulta insuficiente. Cuenta con una fuente y alguna papelera.

El paseo rodea el auditorio romano, que cuenta con una gran zona de gradas y el propio recinto del escenario acotado por verja metálica, y sigue su forma circular por la parte superior y hacia la izquierda. Presenta un piso irregular y resulta muy difícil de realizar con una silla de ruedas, dado el gran rodeo que se ha de hacer para evitar las escaleras. Se pueden encontrar contenedores de basura por la zona, pero no papeleras comunes. Las gradas son de piedra, carecen de rampas para minusválidos y están iluminadas, en el perímetro superior, por seis grandes farolas. Durante la temporada estival es frecuente la celebración de conciertos por las noches.

Al completar la vuelta, descendemos por una rampa un tanto deteriorada y encontramos una fuente potable, un pequeño escenario de piedra y una explanada con césped que sigue el curso del río. La parte lindante con el Lagares la ocupa un vivero municipal. Cruzando esta explanada, se abre una serie de senderos, iluminados con farolas y dotados de bancos de madera y papeleras, utilizados para la práctica del atletismo. El paseo por esta zona no es demasiado cómodo, ya que es muy transitado y hay una gran cantidad de mosquitos, por lo que es recomendable dar un giro hacia la derecha al llegar a la gran bifurcación próxima al río. Desde aquí, por una rampa de tierra, se accede a un camino más elevado, paralelo al anterior, que atraviesa una gran zona arbolada sin bancos ni papeleras y que desemboca en el paseo de Ángel Ilarri, tras superar una ligera pendiente.

El paseo de Ángel Ilarri es la vía abierta al tráfico que cruza el parque desde su lugar más elevado hasta la avenida de Castrelos, y que divide el parque en dos. Las aceras son de baldosa de piedra blanca. Se encuentran en buen estado y están salpicadas por numerosos bancos y farolas, y por alguna papelera. Los pasos de peatones de la parte inferior carecen de rampas para sillas. En dirección ascendente, llegamos a una pequeña rotonda anexa a la zona de aparcamiento principal del parque, situada en la parte más elevada, desde la que se accede al Pazo Quiñones de León. En el tramo final de acera, no hay rampa para minusválidos.

El recinto alberga un museo (restos arqueológicos y pinacoteca, en el propio pazo) y una zona de jardines. Dichos jardines son todo un recorrido en sí, y como tal está indicado en un panel a la puerta del recinto, en el que se detalla una ruta por las diversas partes del parque (jardín francés, rosales, jardín inglés y bosquete) así como las múltiples especies de flora que se pueden encontrar (reflejado también en carteles al pie de cada familia) y las diversas edificaciones. El recorrido permanece cerrado durante la noche, por lo que carece de iluminación, no así de bancos y papeleras. Es accesible para minusválidos pero no cómodo, ya que, en ocasiones, los puntos por los que hay que pasar de un nivel a otro con la silla distan mucho entre sí, y dificultan un paseo agradable.

Después del recorrido por los jardines, el paseo nos lleva en dirección descendente hacia el paseo de Ángel Ilarri, por la acera contraria a la que utilizamos para subir. A mano derecha, se extiende una gran zona arbolada que sigue el perímetro del recinto del pazo y, un poco más abajo, se encuentra el estanque principal, que alberga aves de diversas familias. El recorrido más recomendable se adentra entre los muchos senderos que se entrecruzan en la parte superior al gran estanque de los cisnes, en el que desemboca un pequeño riachuelo que va serpenteando entre los caminos, dándoles forma en unos

ITINERARIO

AVENIDA DE CASTRELOS ▶ PARQUE DE CASTRELOS ▶ PAZO QUIÑONES DE LEÓN ▶ PASEO DE ÁNGEL ILARRI ▶ AVENIDA DE CASTRELOS

casos y adaptándose a la suya en otros. Esta zona es de gran belleza, está dotada de una cuidada decoración floral y posee múltiples zonas de asiento con farolas y papeleras, así como elementos escultóricos dispersos en el entorno.

Los senderos se extienden de forma radial a partir del estanque principal, con lo que la ruta nos lleva en ligera pendiente a través de ellos, de forma que acabamos en la plataforma del recinto de los cisnes. La circulación de sillas de ruedas se ve comprometida por unos ligeros escalones en la unión de algunos caminos, pero, al desembocar todos en el estanque, es posible seguir el recorrido por ellos sin problemas, buscando la ruta correcta (puede resultar molesto, al ser el último tramo y estar mermadas las fuerzas). El gran estanque presenta, además de aves acuáticas diversas (cisnes, patos, etc.), abundante vegetación de superficie, surtidores y pequeños saltos de agua. El paseo lo bordea una plataforma de piedra, dotada de barandilla, zonas de asiento, papeleras y farolas, y se extiende por la zona central del estanque a través de unos puentes sobre el agua (éstos tienen escalones, lo que los convierte en no aptos para sillas de ruedas).

Anexo al estanque, en la zona en la que desemboca el paseo de Ángel Ilarri en la avenida de Castrelos, encontramos unos baños públicos. Al otro lado de la calzada, se halla un gran parque infantil, rodeado por un pequeño muro de piedra, correctamente iluminado y dotado de papeleras y fuentes. Al otro extremo del estanque, hay una salida al cruce de la avenida de Castrelos con la avenida del Alcalde Portanet, donde se encuentra un panel informativo con las diversas especies de árboles que habitan en el parque.

FICHA DEL RECORRIDO

**Longitud aproximada:** entre 1.400 (sin realizar la visita interior al pazo) y 2.200 m.

**Lugares de interés:** auditorio, Pazo Quiñones de León y estanque de cisnes.

**Accesos para minusválidos:** no reviste demasiados inconvenientes, pero no es cómodo por las características del recorrido. Las rutas alternativas para minusválidos suponen grandes rodeos. Algunos puntos de las aceras del paseo de Ángel Ilarri carecen de rampas para sillas de ruedas.

**Cruces de calle:** sólo destaca el cruce con el paseo de Ángel Ilarri, que atraviesa el parque de arriba abajo. Cuenta con tres pasos de cebra que carecen de rampas para minusválidos.

**Estado del firme y ancho de las aceras:** el firme se encuentra en mal estado en la parte inicial del recorrido, que tiene suelo de tierra, excepto cuando transcurre por el paseo, donde hay aceras de piedra.

**Áreas de reposo:** existen bancos de madera y de piedra repartidos por todo el trayecto.

**Iluminación:** es aceptable en casi todo el parque, salvo en áreas oscuras puntuales en los extremos. Por lo general, todos los senderos están iluminados.

**Desniveles:** hay diversas rampas de no demasiada pendiente. Todo el parque se encuentra situado sobre un desnivel importante.

**Servicios:** no hay.

**Transporte urbano:** existen paradas de autobús urbano en la avenida de Castrelos.

**Dificultad:** media. Algunas zonas son incómodas para el paseo.

PASEO 06 PARQUE DE CASTRELOS

# O pulmón de Vigo

O parque de Castrelos é unha das máis extensas zonas verdes da cidade e dos seus arredores. Nel pódense distinguir diversas localizacións de interese polas que dar un paseo agradable e recreativo. Combina unha gran riqueza vexetal con interesantes edificacións e zonas de descanso.

O percorrido parte da avenida de Castrelos, facilmente accesible desde as principais arterias da cidade e perfectamente dotada de servizos de autobús público. O aparcamento de vehículos privados é complicado. Ó parque Quiñones de León éntrase por unha gran porta de pedra que dá a un grande espazo aberto de terra con céspede, con acceso cercado para coches e pistas deportivas nunha zona anexa. Crúzase o río sobre unha ponte de pedra con dous carrís separados por unha gran xardineira e farois triplos. A iluminación desta zona provén da propia da rúa e dos citados farois, aínda que resulta insuficiente. Conta cunha fonte e algunha papeleira.

O paseo rodea o auditorio romano, que conta cunha gran zona de bancadas e o propio recinto do escenario acoutado por un enreixado metálico, e segue a súa forma circular pola parte superior e cara á esquerda. Presenta un piso irregular e resulta moi difícil de realizar cunha cadeira de rodas, dado o gran rodeo que hai que dar para evita-las escaleiras. Pódense encontrar colectores de lixo pola zona, pero non papeleiras comúns. As bancadas son de pedra, carecen de ramplas para minusválidos e están iluminadas, no perímetro superior, por seis grandes farois. Durante a temporada estival é frecuente a celebración de concertos polas noites.

Ó completa-la volta, descendemos por unha rampla un tanto deteriorada e encontramos unha fonte potable, un pequeno escenario de pedra e un espazo aberto con céspede que segue o curso do río. A parte lindeira co Lagares ocúpaa un viveiro municipal. Cruzando este espazo, ábrese unha serie de sendeiros iluminados con farois e dotados de bancos de madeira e papeleiras, utilizados para a práctica do atletismo. O paseo por esta zona non é demasiado cómodo, xa que é moi transitado e hai unha gran cantidade de mosquitos, polo que é recomendable dar un xiro cara á dereita ó chegar á gran bifurcación próxima ó río. Desde aquí, por unha rampla de terra, accédese a un camiño máis elevado, paralelo ó anterior, que atravesa unha gran zona arborada sen bancos nin papeleiras e que desemboca no paseo de Ángel Ilarri, tras superar unha lixeira pendente.

O paseo de Ángel Ilarri é a vía aberta ó tráfico que cruza o parque desde o seu lugar máis elevado ata a avenida de Castrelos, e que divide o parque en dous. As beirarrúas son de baldosa de pedra branca, atópanse en bo estado e están salpicadas por numerosos bancos e farois, e por algunha papeleira. Os pasos de peóns da parte inferior carecen de ramplas para cadeiras. En dirección ascendente, chegamos a unha pequena rotonda anexa á zona de aparcamento principal do parque, situada na parte máis elevada, desde a que se accede ó pazo Quiñones de León. No tramo final de beirarrúa, non hai rampla para minusválidos.

O recinto alberga un museo (restos arqueolóxicos e pinacoteca, no propio pazo) e unha zona de xardíns. Os citados xardíns son todo un percorrido en si, e como tal está indicado nun panel á porta do recinto, no que se detalla unha ruta polas diversas partes do parque (xardín francés, roseiras, xardín inglés e bosque) así como as múltiples especies de flora que se poden encontrar (reflectido tamén en carteis ó pé de cada familia) e as diversas edificacións. O percorrido permanece pechado durante a noite, polo que carece de iluminación, non así de bancos e papeleiras. É accesible para minusválidos pero non cómodo, xa que, en ocasións, os puntos polos que hai que pasar dun nivel ó outro coa cadeira distan moito entre si, e dificultan un paseo agradable.

Despois do percorrido polos xardíns, o paseo lévanos en dirección descendente cara ó paseo de Ángel Ilarri, pola beirarrúa contraria á que utilizamos para subir. Á man dereita, esténdese unha gran zona arborada que segue o perímetro do recinto do pazo e, un pouco máis abaixo, atópase o estanque principal, que alberga diversas aves. O percorrido máis recomendable intérnase entre os moitos sendeiros que se entrecruzan na parte superior ó gran estanque dos cisnes, no que desemboca un pequeno regato que vai serpeando entre os camiños, dándolles forma nuns casos e adaptándose á súa noutros. Esta zona é de gran beleza, está dotada dunha coi-

ITINERARIO

AVENIDA DE CASTRELOS ▶ PARQUE DE CASTRELOS ▶ PAZO QUIÑONES DE LEÓN ▶ PASEO DE ÁNGEL ILARRI ▶ AVENIDA DE CASTRELOS

dada decoración floral e posúe múltiples zonas de asento con farois e papeleiras, así como elementos escultóricos dispersos no contorno.

Os sendeiros esténdense de forma radial a partir do estanque principal, co que a ruta nos leva en lixeira pendente a través deles, de forma que acabamos na plataforma do recinto dos cisnes. A circulación de cadeiras de rodas vese comprometida por uns lixeiros chanzos na unión dalgúns camiños, pero, ó desembocar todos no estanque, é posible seguir o percorrido por eles sen problemas, buscando a ruta correcta (pode resultar molesto, ó ser o último tramo e estar minguadas as forzas). O grande estanque presenta, ademais de aves acuáticas diversas (cisnes, patos, etc.), abundante vexetación de superficie, fornecedores e pequenos saltos de auga. O paseo está bordeado por unha plataforma de pedra, dotada de varanda, zonas de asento, papeleiras e farois, e esténdese pola zona central do estanque a través dunhas pontes sobre a auga (estas teñen chanzos, o que as converte en non aptas para cadeiras de rodas).

Anexo ó estanque, na zona na que desemboca o paseo de Ángel Ilarri na avenida de Castrelos, encontramos uns baños públicos. Ó outro lado da calzada, atópase un gran parque infantil, rodeado por un pequeno muro de pedra, correctamente iluminado e dotado de papeleiras e fontes. Ó outro extremo do estanque, hai unha saída ó cruzamento da avenida de Castrelos coa avenida do Alcalde Portanet, onde se encontra un panel informativo coas diversas especies de árbores que poboan o parque.

FICHA DO PERCORRIDO

**Dificultade:** media baixa. Alterna pendentes ascendentes e descendentes.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES


Plaza de América / *Praza de América*


Una parte del recorrido / *Unha parte do percorrido*


Avenida de Castelao


Parque antes de la avenida de Europa / *Parque antes da avenida da Europa*


Jardines en la calle O Grove / *Xardíns na rúa O Grove*


Los volcanes / *Os volcáns*



RUTA PEATONAL 10 / RUTA PEONIL 10

# Circular centro







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1. Colón, esquina con Príncipe
2. Príncipe
3. Puerta del Sol / Porta do Sol
4. Carral
5. Montero Ríos
6. Concepción Arenal
7. Colón




LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Mirador o vistas / *Miradoiro ou vistas*
- Parada de Taxi
- Paso de peatones equipado / *Paso de peóns equipado*
- Desnivel leve
- Información turística
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Estanque
- Fuente / *Fonte*
- Ausencia o mal estado de papeleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*
- Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*
- Mal estado de estanques
- Parada de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*
- Zona mal iluminada
- Tráfico denso / *Tráfico denso*
- Escaleras / *Escaleiras*
- Firme en mal estado
- Desnivel pronunciado
- Paso de peatones sin acceso para silla de ruedas / *Paso de peóns sen acceso para cadeiras de rodas*
- Paso de peatones sin aviso para ciegos / *Paso de peóns sen aviso para cegos*
- Contaminación acústica moderada
- Contaminación acústica elevada
- Contaminación acústica extrema
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 10 CIRCULAR CENTRO

# Del centro al mar, del mar al centro

El recorrido comienza en Urzáiz, en la semiexplanada con suelo de losas de piedra situada en la confluencia de dicha calle, la calle del Príncipe y la calle Colón. Encontramos una parada de autobús sin marquesina ni asiento, pero dotada de rampa y panel informativo electrónico. En las proximidades, hay accesos peatonales y rodados al aparcamiento privado subterráneo; también existe en las proximidades uno gratuito para motocicletas.

La calle del Príncipe, zona de compras peatonal por excelencia, presenta una suave pendiente descendente en dirección a la estatua del Sireno, lo que hace más agradable el paseo. Esta calle cuenta con muchas papeleras, su iluminación es abundante y presenta un estado de relativa limpieza, quizá un poco mermada por las muchas obras en locales. Destaca el edificio del Museo de Arte Contemporáneo, MARCO, al principio de la calle, que tiene accesos por escalera y rampa. El paseo es amenizado por hilo musical, así como por la presencia de diversos artistas ambulantes. Carece de jardineras y zonas de asiento, dados los destrozos a los que éstos eran sometidos durante las noches del fin de semana. Hay asientos en la zona peatonal de la calle Velázquez Moreno, en forma de bancos de piedra, contenedores de reciclaje y algún árbol. Al final de la calle, a la altura de la Puerta del Sol, se encuentra una oficina de información turística que orienta al paseante extranjero. Si atravesamos la calle Policarpo Sanz, por los semáforos equipados para ciegos y disminuidos, llegamos a la siguiente fase del recorrido.

La calle Carral comunica el puerto y la zona más comercial, y transcurre cuesta abajo con una pendiente acusada en su inicio. En la parte colindante con la Puerta del Sol, se encuentra un escalón que dificulta el paso de minusválidos físicos. Las aceras de dicha calle son todavía de la baldosa gris que se utilizó en gran parte de la ciudad hace años, y su estado es un poco descuidado, con planchas rotas en algunos puntos. Por toda la calle se ven tiendas de productos típicos, así como establecimientos de hostelería y de artesanía. Peatonal en su tramo inicial, a partir del cruce con la calle Marqués de Valladares está abierta al trafico rodado y todos los pasos de peatones que la cruzan cuentan con rampas (salvo en la calle Balboa), aunque no con dispositivos para ciegos. Llegando a la parte final, confluye la calle Laxe, con zona de terrazas, sombra de soportales, bancos y jardineras, en un nivel inmediatamente superior al de Carral. Cerca del Náutico se encuentra una vitrina empotrada en la acera, junto a un resto de la antigua muralla de la ciudad, con plano de la zona por la que discurría.

El Náutico está compuesto por una gran explanada anexa al puerto deportivo. Desde ella parten los barcos que dan servicio al otro lado de la ría. Consta de tres zonas diferenciadas. El orden, siguiendo la zambullida de la estatua del nadador instalada en los extremos de la plaza, es:

Estación marítima. Cuenta con una gran edificación que contiene cafetería, oficinas y acceso al aparcamiento público. Sobre ésta, en un nivel superior, existe un gran mirador provisto de asientos, pero carente de papeleras. A dicho mirador se accede a través de unas escaleras en la parte sur y una gran rampa en la norte. En dicha rampa, se encuentra el recordatorio de la Volvo Ocean Race. Junto al mar, están los edificios de las piscinas y el Real Club Náutico, además de locales de ocio al borde del puerto deportivo.

Jardines de las Avenidas. Flanqueada por dos caminos paralelos al mar, en un nivel superior, se extiende la zona verde. El paseo discurre paralelo a la línea del puerto deportivo, e, incluso, existe un pequeño tramo que sigue el perímetro del pantalán, aunque carece de luz, asientos y papeleras. El suelo es de piedra, surcado por los antiguos raíles del tranvía, y una parte de éste discurre sobre el mar a través de una plataforma de madera. Desde este paseo se accede a los jardines por unas escaleras, pero también mediante dos rampas situadas en los extremos del parque. Se puede encontrar abrigo, asiento y sombra; su vegetación es abundante y cuenta con múltiples fuentes, estanques y detalles escultóricos. De igual forma, hay un quiosco de prensa y accesos a un aparcamiento subterráneo. El camino que cierra los jardines forma la calle Montero Ríos y es una zona de notable presencia hostelera, con terrazas a ambos lados de un carril central destinado al paseo. Toda la zona está equipada con farolas, papeleras y teléfonos públicos, si bien carece de papeleras para excrementos de perros.

ITINERARIO

COLÓN ▶ CALLE DEL PRÍNCIPE ▶ CARRAL ▶ MONTERO RÍOS ▶ COLÓN

Plaza de la Estrella. Se denomina así a la zona que delimitan los edificios de la Administración que ocupan la zona este del parque. En ella podemos encontrar una explanada por la que se distribuyen diversas jardineras con césped y grandes árboles. Todo el recinto cuenta con papeleras, asientos y numerosas farolas.

Desde el Náutico, empezamos el camino de regreso al punto de partida, a través de Concepción Arenal y Colón. Concepción Arenal cuenta con dos amplias aceras flanqueadas por palmeras, y con farolas y papeleras en abundancia; su estado es óptimo, pues acaba de ser reformado. No puede decirse lo mismo de Colón, calle de mucho tráfico y ruido, cuyas aceras han sido remodeladas y ensanchadas recientemente en el último tramo pero no en la continuación de Concepción Arenal. El paseo por ellas se hace agotador, dada la inclinación y longitud, con una pendiente moderada en el inicio, pero que se ve acentuada conforme se acerca al punto de partida. Los semáforos con paso de peatones que se van cruzando carecen de dispositivos de ciegos hasta llegar al cruce con Policarpo Sanz, si bien todos están preparados para el uso de sillas. Existen aparcamientos reservados a minusválidos en la parte más cercana al Náutico.

FICHA DEL RECORRIDO / FICHA DO PERCORRIDO

**Longitud aproximada:** 1.600 m.

**Lugares de interés:** farola de Urzáiz, calle del Príncipe, Puerta del sol, Sireno, estación marítima y Náutico.

**Accesos para minusválidos:** sólo presenta problemas el escalón de la calle Carral, que además tiene una inclinación poco adecuada para las sillas.

**Cruces de calle:** en los tramos no peatonales (Príncipe y Náutico) cruza con: Puerta del Sol, Marqués de Valladares, Victoria, Gamboa, Cánovas del Castillo, Arenal, Rosalía de Castro, García Barbón y Uruguay. Hay trece semáforos, de los cuales carecen de orientación para ciegos los de: Carral, Cánovas del Castillo y Colón (4).

**Estado del firme y ancho de las aceras:** el recorrido no presenta dificultades, excepto en el tramo de la calle Carral, con aceras estrechas y en mal estado, y en el tramo inicial de Colón, con aceras estrechas.

**Áreas de reposo:** únicamente existen zonas de asiento en la parte final de Carral y del Náutico, ya que toda la calle del Príncipe carece de bancos.

**Iluminación:** es buena en todo el recorrido.

**Desniveles:** existe una fuerte pendiente ascendente en Colón y otra descendente en Carral.

**Vistas:** desde el Náutico, hay vistas a la ría de Vigo.

**Servicios:** hay abundante actividad comercial y hostelera a lo largo de todo el recorrido, especialmente en Príncipe. Además, allí se sitúa el Museo de Arte Contemporáneo y una oficina de información turística en la Puerta del Sol y en Cánovas del Castillo.

**Transporte urbano:** está perfectamente comunicada con el resto de la ciudad, gracias a las muchas paradas que hallamos a lo largo del recorrido.

**Dificultad:** media-baja, pues el tramo que transcurre por Colón es bastante empinado y el denso tráfico rodado hace incómodo y desagradable el paseo.

PASEO 10 CIRCULAR CENTRO

# Do centro ó mar, do mar ó centro

O percorrido comeza en Urzáiz, na encrucillada coa rúa do Príncipe e a rúa de Colón, con chan de lousas de pedra. Encontramos unha parada de autobús sen marquesiña nin asento, pero dotada de rampla e panel informativo electrónico. Nas proximidades, hai accesos peonís e rodados ó aparcamento privado subterráneo; tamén existe nas proximidades un gratuíto para motocicletas.

A rúa do Príncipe, zona de compras peonil por excelencia, presenta unha suave pendente descendente en dirección á estatua do Sireno, o que fai máis agradable o paseo. Esta rúa conta con moitas papeleiras, a súa iluminación é abundante e presenta un estado de relativa limpeza, quizás un pouco diminuída polas moitas obras dos locais. Destaca o edificio do Museo de Arte Contemporánea, MARCO, ó principio da rúa, que ten accesos por escaleira e por rampla. O paseo está amenizado por fío musical, así como pola presenza de diversos artistas ambulantes. Carece de xardineiras e zonas de asento, dados os estragos ós que están sometidas durante as noites da fin de semana. Hai asentos na zona peonil da rúa de Velázquez Moreno, en forma de bancos de pedra, colectores de reciclaxe e algunha árbore. Ó final da rúa, á altura da Porta do Sol, atópase unha oficina de información turística que orienta ó paseante estranxeiro. Se atravesamos a rúa de Policarpo Sanz, polos semáforos equipados para cegos e diminuídos, chegamos á seguinte fase do percorrido.

A rúa Carral comunica o porto e a zona máis comercial, e transcorre costa abaixo cunha pendente acusada no seu inicio. Na parte lindeira coa Porta do Sol, encóntrase un chanzo que dificulta o paso de minusválidos físicos. As beirarrúas da citada rúa son aínda da baldosa gris que se utilizou en gran parte da cidade hai anos, e o seu estado é un pouco descoidado, con pranchas rotas nalgúns puntos. Por toda a rúa vense tendas de produtos típicos, así como establecementos de hostalería e de artesanía. Peonil no seu tramo inicial, a partir do cruzamento coa rúa do Marqués de Valadares está aberta ó tráfico rodado e tódolos pasos de peóns que a cruzan contan con ramplas (salvo na rúa de Balboa), aínda que non con dispositivos para cegos. Chegando á parte final, conflúe a rúa da Laxe, con zona de terrazas, sombra de soportais, bancos e xardineiras, nun nivel inmediatamente superior ó de Carral. Cerca do Náutico hai unha vitrina encaixada na beirarrúa, xunto a un resto da antiga muralla da cidade, cun plano da zona pola que discorría.

O Náutico está formado por un grande espazo aberto anexo ó porto deportivo. Desde el parten os barcos que comunican co outro lado da ría. Consta de tres zonas diferenciadas. A orde, seguindo a mergullada da estatua do nadador instalada nos extremos da praza, é:

Estación marítima. Conta cunha grande edificación que contén cafetería, oficinas e acceso ó aparcamento público. Sobre esta, nun nivel superior, existe un gran miradoiro provisto de asentos, pero carente de papeleiras. Ó citado miradoiro accédese a través dunhas escaleiras na parte sur e dunha gran rampla na norte. Na citada rampla, atópase o recordatorio da Volvo Ocean Race. Xunto ó mar, están os edificios das piscinas e o Real Club Náutico, ademais de locais de lecer ó borde do porto deportivo.

Xardíns das avenidas. Flanqueada por dous camiños paralelos ó mar, nun nivel superior, esténdese a zona verde. O paseo discorre paralelo á liña do porto deportivo, e, incluso, existe un pequeno tramo que segue o perímetro do pantalán, aínda que carece de luz, asentos e papeleiras. O chan é de pedra, sucada polos antigos raís do tranvía, e unha parte deste discorre sobre o mar a través dunha plataforma de madeira. Desde este paseo accédese ós xardíns por unhas escaleiras, pero tamén mediante dúas ramplas situadas nos extremos do parque. Pódese encontrar abrigo, asento e sombra; a súa vexetación é abundante e conta con múltiples fontes, estanques e detalles escultóricos. De igual forma, hai un quiosco de prensa e accesos a un aparcamento subterráneo. O camiño que pecha os xardíns forma a rúa de Montero Ríos e é unha zona de notable presenza hostaleira, con terrazas a ámbolos lados dun carril central destinado ó paseo. Toda a zona está equipada con farois, papeleiras e teléfonos públicos, se ben carece de papeleiras para excrementos de cans.

Praza da Estrela. Denomínase así á zona que delimitan os edificios da Administración que ocupan a zona este do parque. Nela podemos encontrar un espazo aberto polo que se distribúen diversas xardi-

ITINERARIO

COLÓN ▶ RÚA DO PRÍNCIPE ▶ CARRAL ▶ MONTERO RÍOS ▶ COLÓN

neiras con céspede e grandes árbores. Todo o recinto conta con papeleiras, asentos e numerosos farois.

Desde o Náutico, empezamos o camiño de regreso ó punto de partida, a través de Concepción Arenal e Colón. Concepción Arenal conta con dúas amplas beirarrúas flanqueadas por palmeiras, e con farois e papeleiras en abundancia; o seu estado é óptimo, pois acaba de ser reformada. Non pode dicirse o mesmo de Colón, rúa de moito tráfico e ruído, con beirarrúas que foron remodeladas e ensanchadas recentemente no último tramo pero non a continuación de Concepción Arenal. O paseo por elas faise esgotador, dada a súa inclinación e lonxitude, cunha pendente moderada no inicio, pero que se ve acentuada conforme se aproxima ó punto de partida. Os semáforos con paso de peóns que se van cruzando carecen de dispositivos de cegos ata chegar ó cruzamento con Policarpo Sanz, se ben todos están preparados para o uso de cadeiras. Existen aparcamentos reservados a minusválidos na parte más próxima ó Náutico.

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** 1.600 m.

**Lugares de interese:** farol de Urzáiz, rúa do Príncipe, Porta do Sol, Sireno, estación marítima e Náutico.

**Accesos para minusválidos:** só presenta problemas o chanzo da rúa Carral, que ademais ten unha inclinación pouco axeitada para as cadeiras.

**Cruzamentos de rúa:** nos tramos non peonís (Príncipe e Náutico) cruza con: Porta do Sol, Marqués de Valadares, Vitoria, Gamboa, Cánovas do Castillo, Areal, Rosalía de Castro, García Barbón e Uruguai. Hai trece semáforos, dos cales carecen de orientación para cegos os de Carral, Cánovas do Castillo e Colón (4).

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** o percorrido non presenta dificultades, excepto no tramo da rúa Carral, con beirarrúas estreitas e en mal estado, e no tramo inicial de Colón, con beirarrúas estreitas.

**Zonas de repouso:** unicamente existen zonas de asento na parte final de Carral e do Náutico, xa que toda a rúa do Príncipe carece de bancos.

**Iluminación:** é boa en todo o percorrido.

**Desniveis:** existe unha forte pendente ascendente en Colón e outra descendente en Carral.

**Vistas:** desde o Náutico, hai vistas á ría de Vigo.

**Servizos:** hai unha abundante actividade comercial e hostaleira ó longo de todo o percorrido, especialmente na rúa do Príncipe. Ademais, alí sitúase o Museo de Arte Contemporánea e unha oficina de información turística na Porta do Sol e en Cánovas do Castillo.

**Transporte urbano:** está perfectamente comunicada co resto da cidade, grazas ás moitas paradas que atopamos ó longo do percorrido.

**Dificultade:** media-baixa, pois o tramo que transcorre por Colón é bastante empinado e o denso tráfico rodado fai incómodo e desagradable o paseo.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES



Urzáiz con Colón



Príncipe


Carral


Montero Ríos



Colón



RUTA PEATONAL 11 / RUTA PEONIL 11

# Bouzas







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1 Playa de Bouzas / Praia de Bouzas

2 Paseo de V. Paz Andrade

3 Estadio Baltasar Pujales

4 Rotonda de la circunvalación oeste / Rotonda da circunvalación oeste

5 Paseo de la Zona Franca / *Paseo da Zona Franca*

6 Faro




LEYENDA / LENDA

- Iglesia / *Igrexa*
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Fuente / *Fonte*
- Parada de bus con marquesina y asientos / *Parada de bus con marquesiña e asentos*
- Amarre para bicis
- Ausencia o mal estado de bancos / *Ausencia ou mal estado dos bancos*
- Zona mal iluminada
- Escaleras / *Escaleiras*
- Firme en mal estado
- Contaminación acústica elevada
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 11 BOUZAS

# Una bahía de tranquilidad

La ruta recomendada se desarrolla siguiendo la orilla del mar desde el paseo de Valentín Paz Andrade, alcanza la playa de Bouzas, junto al estadio, el puerto deportivo y, finalmente, realiza un recorrido por el perímetro del muelle de carga de automóviles de la Zona Franca. El principal inconveniente de esta ruta reside en la dificultad de encontrar la playa desde la que parte, ya que la parada de autobús más cercana queda en la avenida Atlántida, a cierta distancia de la urbanización anexa a dicha playa. La solución alternativa obliga al paseante a desandar el camino, puesto que la parada siguiente se encuentra en la calle Eduardo Cabello, en la mitad del recorrido, aproximadamente.

Arrancamos en la playa que se halla antes del gran puente que la circunvalación oeste crea sobre la playa de Bouzas. A dicha playa se accede desde unas escaleras y una rampa de una urbanización situada bajo la avenida Atlántida. Este arenal presenta un lecho de rocas poco propicio para el baño, y el acceso al agua se realiza por un muelle-rampa con escaleras y barandilla. En el espacio hasta llegar al puente hay una pequeña explanada con piso de tierra, una zona de césped y un espacio en el que algún día hubo un parque infantil (en la actualidad, un par de caballitos, a lo sumo); también tiene bancos, mesas de piedra y una fuente de agua potable. Sin embargo, no hay papeleras ni iluminación.

El trayecto continúa por el paseo de Valentín Paz Andrade, tras una pequeña bajada al mar con arena y un espacio circular acotado por postes de madera en mal estado. El paseo en sí puede describirse, esquemáticamente, de la siguiente forma: tres vías, la exterior de madera, suspendidas sobre el agua con marea alta, de tablones sostenidos por postes clavados en la arena. El tramo central es de adoquines, y en él se encuentran los bancos y las farolas del paseo. El interior lo conforma el carril bici. El acceso a la playa se realiza por tres tramos de escaleras desde la pasarela de madera, si bien ésta, al cabo de 200 metros, desaparece y el paseo lo forman sólo los dos carriles interiores. Las bajadas a la arena, a partir de aquí, son escaleras de piedra (2 accesos). En todo el trayecto con adoquines aparecen, de manera regular, árboles, bancos, papeleras y farolas. Las farolas son de un tipo especial que combina madera y metal, y casi todas están en mal estado de conservación (sin bombillas ni pantalla). Cuando el paseo pierde la plataforma de madera, éstas aparecen incrustadas en el muro de piedra (asiento en bordillo). El carril bici está en la parte más interior del paseo, y cuenta con un tipo particular de farolas, en forma de escuadra, que, en la actualidad, constituyen la principal iluminación de esta zona del paseo. En la zona anexa a la que desemboca la calle Cayetano P. Lima, se encuentran varias casas en mal estado. Poco después aparece una zona de terrazas a la sombra.

El paseo llega a la playa de Bouzas, dotada de aparcamiento público, y sigue el borde del arenal trazando una "V", junto a la explanada de acceso al estadio y al pabellón municipal. Hay una pequeña iglesia, con zona de sombra, asientos y una parada de autobús con marquesina y asientos. Al arenal se accede por una rampa y unas escaleras, y cuenta con duchas, contenedores y una fuente. Existe, anexo al frontal de la playa, una zona de madera para sentarse en forma de pequeñas gradas.

La ruta continúa por el perímetro del estadio, con el mismo esquema pero con la singularidad de que la pasarela de madera transcurre ligeramente más baja que la plataforma principal. La iluminación es la misma que en el resto del paseo, pero el número de farolas rotas es menor. Hay fuentes y papeleras regularmente sobre la calzada de adoquines; en este tramo adoquinado, aparece un gran socavón 30 metros después desde la playa. La plataforma de madera se ensancha en su parte final y forma una especie de balcón sobre las aguas.

El siguiente tramo se caracteriza por constituir el acceso principal a los muelles del puerto deportivo. Posee una pequeña explanada adoquinada, con un pequeño aparcamiento, bancos, fuente, un contenedor de reciclaje de aceite de barco, papeleras comunes y una de excrementos de perros. Se extiende bajo el puente, con otro acceso a un pantalán un poco más pequeño que el anterior. El carril bici se bifurca y pasa, bajo la rotonda en la que desemboca la circunvalación oeste, por dos pequeños túneles. La iluminación es la misma que en el resto del paseo, a la que se suman varios focos: unos, del puerto y otros, de la propia carretera.

## ITINERARIO

PLAYA DE BOUZAS ▶ PASEO DE VALENTÍN PAZ ANDRADE ▶ CAMPO BALTASAR PUJALES ▶ PASEO DE LA ZONA FRANCA

El último trayecto finaliza la ruta y transcurre por el perímetro del muelle de automóviles de la Zona Franca. El paseo nos lleva sobre el rompeolas del muelle, una gran distancia sin apenas sombras bajo las que cobijarse. Se compone de: un paseo principal con suelo de losas de piedra, bancos, papeleras y carril bici, acotado por una barandilla y setos. Todo el tramo presenta grandes socavones en la parte del paseo, es decir, en las zonas más próximas a las rocas del rompeolas. Desemboca en una pequeña explanada, de forma circular, donde se aloja el faro y un aparcamiento para bicis. La iluminación es un poco escasa en este tramo final.

## FICHA DEL RECORRIDO / FICHA DO PERCORRIDO

**Longitud aproximada:** 1.800 m.

**Lugares de interés:** playa de Bouzas y ermita.

**Accesos para minusválidos:** no hay problemas en toda la ruta.

**Cruces de calle:** no la atraviesa ninguna calle, al tratarse de un paseo peatonal.

**Estado del firme y ancho de las aceras:** existen importantes desperfectos en la parte final del paseo, donde se suceden los socavones en la acera de la parte anexa a la Zona Franca. El resto del trayecto transcurre sin problemas.

**Áreas de reposo:** podemos encontrar zonas de asiento a lo largo de toda la ruta, salvo en el primer tramo, bajo el puente de la circunvalación.

**Iluminación:** es mala en el primer tramo, ya que las farolas han sido víctimas del vandalismo y que la única fuente de iluminación es la que aportan las pequeñas farolas del carril bici.

**Desniveles:** el recorrido es totalmente plano.

**Vistas:** hay una panorámica de la ría, limitada por la forma del recorrido.

**Servicios:** existe algún establecimiento hostelero al principio del recorrido.

**Transporte urbano:** tiene una parada de autobús con marquesina y asiento en la zona de la iglesia, desde la que es posible conectar con el resto de la urbe.

**Dificultad:** media-baja. El recorrido es llano, pero el tramo final resulta demasiado largo y se encuentra al descubierto, por lo que la falta de sombra hace que sea incómodo.

PASEO 11 BOUZAS

# Unha bahía de tranquilidade

A ruta recomendada desenvólvese seguindo a ribeira do mar desde o paseo de Valentín Paz Andrade, alcanza a praia de Bouzas, xunto ó estadio, o porto deportivo e, finalmente, realiza un percorrido polo perímetro do peirao de carga de automóbiles da Zona Franca. O principal inconveniente desta ruta reside na dificultade de encontrar a praia desde a que parte, xa que a parada de autobús máis próxima queda na avenida Atlántida, a certa distancia da urbanización anexa á citada praia. A solución alternativa obriga ó paseante a desandar o camiño, posto que a parada seguinte se encontra na rúa de Eduardo Cabello, na metade do percorrido, aproximadamente.

Arrancamos na praia que se atopa antes da gran ponte que a circunvalación oeste crea sobre a praia de Bouzas. Á citada praia accédese desde unhas escaleiras e unha rampla dunha urbanización situada baixo a avenida Atlántida. Este areal presenta un leito de rochas pouco propicio para o baño, e o acceso á auga realízase por un peirao-rampla con escaleiras e varanda. No espazo ata chegar á ponte hai un pequeno espazo aberto con chan de terra, unha zona de céspede e un espazo no que algún día houbo un parque infantil (na actualidade, un par de cabaliños, ó sumo); tamén ten bancos, mesas de pedra e unha fonte de auga potable. Con todo, non hai papeleiras nin iluminación.

O traxecto continúa polo paseo de Valentín Paz Andrade, tras unha pequena baixada ó mar con area e un espazo circular acoutado por postes de madeira en mal estado. O paseo en si pode describirse, esquematicamente, da seguinte forma: tres vías, a exterior de madeira, suspendidas sobre a auga con marea alta, de taboleiros sostidos por postes cravados na area. O tramo central é de lastras, e nel encóntranse os bancos e os farois do paseo. O interior confórmao o carril bici. O acceso á praia realízase por tres tramos de escaleiras desde a pasarela de madeira, se ben esta, ó cabo de 200 metros, desaparece e o paseo fórmano só os dous carrís interiores. As baixadas á area, a partir de aquí, son escaleiras de pedra (2 accesos). En todo o traxecto con lastras aparecen, de maneira regular, árbores, bancos, papeleiras e farois. Os farois son dun tipo especial que combina madeira e metal, e case todos están en mal estado de conservación (sen lámpadas nin pantalla). Cando o paseo perde a plataforma de madeira, estas aparecen incrustadas no muro de pedra (asento no bordo). O carril bici está na parte máis interior do paseo, e conta cun tipo particular de farois, en forma de escuadro, que, na actualidade, constitúen a principal iluminación desta zona do paseo. Na zona anexa á que desemboca a rúa de Cayetano P. Lima, atópanse varias casas en mal estado. Pouco despois aparece unha zona de terrazas á sombra.

O paseo chega á praia de Bouzas, dotada de aparcamento público, e segue o borde do areal trazando un "V", xunto ó espazo aberto de acceso ó estadio e ó pavillón municipal. Hai unha pequena igrexa, con zona de sombra, asentos e unha parada de autobús con marquesiña e asentos. Ó areal accédese por unha rampla e unhas escaleiras, e conta con duchas, colectores e unha fonte. Existe, anexo ó frontal da praia, unha zona de madeira en forma de pequenas bancadas para sentarse.

A ruta continúa polo perímetro do estadio, co mesmo esquema pero coa singularidade de que a pasarela de madeira transcorre lixeiramente máis baixa cá plataforma principal. A iluminación é a mesma que no resto do paseo, pero o número de farois rotos é menor. Hai fontes e papeleiras regularmente repartidas sobre a calzada de lastras; neste tramo lastrado, aparece unha gran focha 30 metros despois da praia. A plataforma de madeira ensánchase na súa parte final e forma unha especie de balcón sobre as augas.

O seguinte tramo caracterízase por constituír o acceso principal ós peiraos do porto deportivo. Posúe un pequeno espazo aberto lastrado, cun aparcamento, bancos, fonte, un colector de reciclaxe de aceite de barco, papeleiras comúns e unha de excrementos de cans. Esténdese baixo a ponte, con outro acceso a un pantalán un pouco máis pequeno có anterior. O carril bici bifúrcase e pasa, baixo a rotonda na que desemboca a circunvalación oeste, por dous pequenos túneles. A iluminación é a mesma que no resto do paseo, á que se suman varios focos: uns, do porto e outros, da propia estrada.

O último traxecto finaliza a ruta e transcorre polo perímetro do peirao de automóbiles da Zona

ITINERARIO

PRAIA DE BOUZAS ▶ PASEO DE VALENTÍN PAZ ANDRADE ▶ CAMPO BALTASAR PUJALES ▶ PASEO DA ZONA FRANCA

Franca. O paseo lévanos sobre o dique do peirao, unha gran distancia sen a penas sombras baixo as que acubillarse. Componse dun paseo principal con chan de lousas de pedra, bancos, papeleiras e carril bici, acoutado por unha varanda e sebes. Todo o tramo presenta grandes fochas na parte do paseo, é dicir, nas zonas máis próximas ás rochas do dique. Desemboca nun pequeno espazo aberto, de forma circular, onde se aloxa o faro e un aparcamento para bicis. A iluminación é un pouco escasa neste tramo final.

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** 1.800 m.

**Lugares de interese:** a praia de Bouzas e a ermida.

**Accesos para minusválidos:** non hai problemas en toda a ruta.

**Cruzamentos de rúa:** non a atravesa ningunha rúa, ó tratarse dun paseo peonil.

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** existen importantes desperfectos na parte final do paseo, onde se suceden as fochas na beirarrúa da parte anexa á Zona Franca. O resto do traxecto transcorre sen problemas.

**Zonas de repouso:** podemos encontrar zonas de asento ó longo de toda a ruta, salvo no primeiro tramo, baixo a ponte da circunvalación.

**Iluminación:** é mala no primeiro tramo, xa que os farois foron vítimas do vandalismo e que a única fonte de iluminación é a que achegan os pequenos farois do carril bici.

**Desniveis:** o percorrido é totalmente plano.

**Vistas:** hai unha panorámica da ría, limitada pola forma do percorrido.

**Servizos:** existe algún establecemento hostaleiro ó principio do percorrido.

**Transporte urbano:** ten unha parada de autobús con marquesiña e asento na zona da igrexa, desde a que é posible conectar co resto da urbe.

**Dificultade:** media-baixa. O percorrido é chan, pero o tramo final resulta demasiado longo e atópase a descuberto, polo que a falta de sombra fai que sexa incómodo.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES



Comienzo del recorrido / *Comezo do percorrido*



Paseo de Valentín Paz Andrade



Paseo de madera / *Paseo de madeira*



Paseo de baldosín



Paseo junto al estadio / *Paseo xunto ao estadio*



RUTA PEATONAL 12 / RUTA PEONIL 12

# Samil







# TOMA AÉREA

LUGARES DE PASO

1. Playa de la Fuente / Praia da Fonte
2. Tombo do Gato
3. Cocho das Dornas
4. Pista de patinaje / Pista de patinaxe
5. Avenida de Europa
6. Piscina da ría de Vigo
7. Centro Deportivo Municipal




LEYENDA / LENDA

- Monumento o lugar de interés / *Monumento ou lugar de interese*
- Zona de recreo
- Mirador o vistas / *Miradoiro ou vistas*
- Parada de taxi
- Servicios sanitarios / *Servizos sanitarios*
- Papeleras o contenedores / *Papeleiras ou colectores*
- Bancos
- Fuente / *Fonte*
- Parada de bus con marquesina y asientos / *Parada de bus con marquesiña e asentos*
- Ausencia o mal estado de papaleras o contenedores / *Ausencia ou mal estado das papeleiras ou colectores*
- Parada de bus sin marquesina y/o sin asientos / *Parada de bus sen marquesiña e/ou asentos*
- Zona mal iluminada
- Escaleras / *Escaleiras*
- Recorrido propuesto / *Percorrido proposto*
- Sentido de la marcha / *Sentido da marcha*

PASEO 12 SAMIL

# Playa y urbanismo

La playa de Samil es uno de los espacios turísticos más atractivos de la ciudad, en la que se unen un entorno natural privilegiado y una de las mejores ofertas de servicios. La ruta sugerida parte de Alcabre, a la altura de la playa de la Fuente y recorre Samil en toda su longitud hasta llegar a la desembocadura del Lagares.

Situamos el origen en el extremo norte, en la playa de la Fuente o "Areal do tombo do gato", que se encuentra un nivel por debajo del paseo y de la parcela de césped que alberga un pequeño pinar. Esta zona está provista de una fuente de agua potable, bancos a la sombra y dos bajadas al arenal (una con escaleras y barandilla, y otra con rampa). Éste es uno de los lugares a los que se puede llegar usando el transporte urbano.

El comienzo del paseo propio de la playa de Samil está marcado por la presencia de teléfonos, baños públicos y un puesto de socorro. El piso está compuesto de baldosas cuadradas grises y blancas, y flaqueado por farolas de gran altura y doble foco, con detalles esculpidos en sus cuerpos de metal. En el primer tramo del paseo, la calzada ha sido invadida por la arena. Esta zona recibe el nombre de "Cabo do mar", y transcurre junto a un pinar; es el comienzo de la zona de recuperación de dunas que se conoce como "Cocho das dornas".

En estos primeros metros, encontraremos otro puesto de socorro y el primer gran establecimiento hostelero del paseo. A partir de aquí, una serie de características comunes se harán patentes en todo el recorrido. Son las siguientes:

- Conjunto de servicios de higiene formado por: una fuente, un lavadero para los pies y una ducha.

- Complejos hosteleros con terrazas y próximos a zonas de recreo, que serán, en el orden de la marcha: la pista de patinaje (vallada) y el half, a los que se accede desde el paseo superior mediante rampas; un tobogán gigante, canchas de baloncesto y piscinas para menores (una en forma de ocho y otra de recorrido circular); y, finalmente, una gran piscina que recrea la ría de Vigo, junto a las últimas canchas de baloncesto.

- Distribución homogénea y constante de bancos y servicios públicos y, en menor medida, de puestos de socorro.

- Diferentes alturas en el paseo, salvadas en todos los casos por escaleras y rampas laterales que permiten su uso a los usuarios de sillas de ruedas.

- En el flanco izquierdo en el sentido elegido de la marcha, pueden encontrarse, en todo momento, grandes extensiones de césped y pinares provistos de mesas y bancos de piedra que, habitualmente, son usados como comedores por los visitantes.

Hay que mencionar dos aspectos de este recorrido que incrementan su interés: en primer lugar, paralelo a la carretera de la playa, hay un carril de cemento rojo que transcurre bajo la sombra de los pinares y que es susceptible de ser usado por los ciclistas; en segundo lugar, debe destacarse la presencia de un servicio de sillas de ruedas adaptadas para el baño de minusválidos, situado junto al aparcamiento principal de la playa, en torno a la mitad del recorrido.

ITINERARIO

PLAYA DE LA FUENTE (ALCABRE) ▶ AVENIDA ATLÁNTIDA ▶ "CABO DO MAR" ▶ "COCHO DAS DORNAS" ▶ PLAYA DE SAMIL ▶ DESEMBOCADURA DEL RÍO LAGARES

FICHA DEL RECORRIDO / FICHA DO PERCORRIDO

**Longitud aproximada:** 1.700 m.

**Accesos para minusválidos:** no presenta problemas, ya que dispone de rampas en todas las escaleras, accesos habilitados para sillas de ruedas y bordillos rebajados en los accesos desde la carretera.

**Cruces de calle:** el paseo peatonal transcurre en paralelo a la carretera y, por ello, no corta con ninguna calle.

**Estado del firme y ancho de las aceras:** las aceras (plataforma del paseo) se encuentran en buen estado de conservación, son amplias y están bien cuidadas. Cabe destacar que el tramo más próximo a la playa de la Fuente suele estar invadido por la arena de las dunas.

**Áreas de reposo:** se pueden encontrar bancos a lo largo de todo el paseo, además de zonas de descanso a la sombra del pinar, con mesas incluidas.

**Iluminación:** hay buena iluminación, ya que el paseo está dotado de grandes farolas con detalles escultóricos en basa y fuste.

**Desniveles:** el recorrido es plano, y algún tramo de escaleras salvado por rampas para minusválidos.

**Vistas:** las Islas Cíes, la ría de Vigo y la península de O Morrazo.

**Servicios:** existen varios locales de hostelería a lo largo de la playa, servicios de asistencia sanitaria, duchas y baños públicos. También cuenta con helipuerto.

**Transporte urbano:** posee varias paradas de autobús junto a la carretera, paralelas al paseo, que llevan a la ciudad.

**Dificultad:** baja. El recorrido es llano.

PASEO 12 SAMIL

# Praia e urbanismo

A praia de Samil é un dos espazos turísticos máis atractivos da cidade, na que se unen un contorno natural privilexiado e unha das mellores ofertas de servizos. A ruta suxerida parte de Alcabre, á altura da praia da Fonte e percorre Samil en toda a súa lonxitude ata chegar á desembocadura do Lagares.

Situamos a orixe no extremo norte, na praia da Fonte o "Areal do Tombo do Gato", que se encontra un nivel por debaixo do paseo e da parcela de céspede que alberga un pequeno piñeiral. Esta zona está provista dunha fonte de auga potable, bancos á sombra e dúas baixadas ó areal, unha con escaleiras e varanda, e outra con rampla. Este é un dos lugares ós que se pode chegar usando o transporte urbano.

O comezo do paseo propio da praia de Samil está marcado pola presenza de teléfonos, baños públicos e un posto de socorro. O piso está composto de baldosas cadradas grises e brancas, e flanqueado por farois de grande altura e dobre foco, con detalles esculpidos nos seus postes de metal. No primeiro tramo do paseo, a calzada foi invadida pola area. Esta zona recibe o nome de "Cabo do mar", e transcorre xunto a un piñeiral; é o comezo da zona de recuperación de dunas que se coñece como "Cocho das Dornas".

Nestes primeiros metros, encontraremos outro posto de socorro e o primeiro grande establecemento hostaleiro do paseo. A partir de aquí, unha serie de características comúns faranse patentes en todo o percorrido. Son as seguintes:

- Conxunto de servizos de hixiene formado por unha fonte, un lavadoiro para os pés e unha ducha.

- Complexos hostaleiros con terrazas e próximos ás zonas de recreo, que serán, na orde da marcha: a pista de patinaxe (valada) e o half, ós que se accede desde o paseo superior mediante ramplas; un tobogán xigante, canchas de baloncesto e piscinas para menores (unha en forma de oito e outra de percorrido circular); e, finalmente, unha gran piscina que recrea a ría de Vigo, xunto ás últimas canchas de baloncesto.

- Distribución homoxénea e constante de bancos e servizos públicos e, en menor medida, de postos de socorro.

- Diferentes alturas no paseo, salvadas en tódolos casos por escaleiras e ramplas laterais que permiten o seu uso ós usuarios de cadeiras de rodas.

- No flanco esquerdo no sentido elixido da marcha, poden encontrarse, en todo momento, grandes extensións de céspede e piñeirais provistos de mesas e bancos de pedra que, habitualmente, son usados como comedores polos visitantes.

Hai que mencionar dous aspectos deste percorrido que incrementan o seu interese: en primeiro lugar, paralelo á estrada da praia, hai un carril de cemento vermello que transcorre baixo a sombra dos piñeirais e que é susceptible de ser usado polos ciclistas; en segundo lugar, debe destacarse a presenza dun servizo de cadeiras de rodas adaptadas para o baño de minusválidos, situado xunto ó aparcamento principal da praia, en torno á metade do percorrido.

ITINERARIO

PRAIA DA FONTE (ALCABRE) ▶ AVENIDA ATLÁNTIDA ▶ "CABO DO MAR" ▶ "COCHO DAS DORNAS" ▶ PRAIA DE SAMIL ▶ DESEMBOCADURA DO RÍO LAGARES

FICHA DO PERCORRIDO

**Lonxitude aproximada:** 1.700 m.

**Accesos para minusválidos:** non presenta problemas, xa que dispón de ramplas en tódalas escaleiras, accesos habilitados para cadeiras de rodas e bordos rebaixados nos accesos desde a estrada.

**Cruzamentos de rúa:** o paseo peonil transcorre en paralelo á estrada e, por iso, non corta con ningunha rúa.

**Estado do firme e ancho das beirarrúas:** as beirarrúas (plataforma do paseo) encóntranse en bo estado de conservación, son amplas e están ben coidadas. Cabe destacar que o tramo máis próximo á praia da Fonte soe estar invadido pola area das dunas.

**Zonas de repouso:** pódense encontrar bancos ó longo de todo o paseo, ademais de zonas de descanso á sombra do piñeiral, con mesas incluídas.

**Iluminación:** hai boa iluminación, xa que o paseo está dotado de grandes farois con detalles escultóricos na base e no fuste.

**Desniveis:** o percorrido é plano, e algún tramo de escaleiras salvado por ramplas para minusválidos.

**Vistas:** as Illas Cíes, a ría de Vigo e a península do Morrazo.

**Servizos:** existen varios locais de hostalería ó longo da praia, servizos de asistencia sanitaria, duchas e baños públicos. Tamén conta con heliporto.

**Transporte urbano:** posúe varias paradas de autobús xunto á estrada, paralelas ó paseo, que levan á cidade.

**Dificultade:** baixa. O percorrido é chan.

# LA RUTA EN IMÁGENES

# A RUTA EN IMAXES


Cocho das Dornas


Pistas de baloncesto


Paseo de Samil


Paseo de Samil


La playa desde el paseo / *A praia dende o paseo*


Piscina ría de Vigo